**SESIÓN ORDINARIA DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO PLENO DE DATA SETE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO**

No Salón de Sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, a 7 de novembro de 2024. Baixo a presidencia da **Excma. Sra. Alcaldesa, dona Inés Rey García,** e coa asistencia dos edís:

**GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (PP)**

D. Miguel Lorenzo Torres
D. Roberto Rodríguez Martínez
D.ª Rosalía López Sánchez
D.ª Susana Catalán Morcillo
D. Gonzalo Mora do Campo
D. Carlos San Claudio Yáñez
D.ª Carmen María No Varela
D. Roberto García Fernández
D. Antonio Deus Álvarez
D.ª Mª Jesús Fariñas Andón
D. Roberto Luis Coira Andrade
D. Jose Ramón Amado de la Fuente

**GRUPO MUNICIPAL DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE (PSdeG-PSOE)**

D. José Manuel Lage Tuñas
D.ª Eudoxia María Neira Fernández
D. Gonzalo Henrique Castro Prado
Dª. Nereida María Canosa Domínguez
D. Francisco Dinís Díaz Gallego
D.ª Noemí Díaz Vázquez
D. Manuel José Vázquez Martínez
D.ª Diana María Sobral Cabanas
D. Juan Ignacio Borrego Vázquez
D.ª Montserrat Paz Romero

**GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**

D. Francisco Xesús Jorquera Caselas

***SESIÓN ORDINARIA DEL EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO PLENO DE FECHA SIETE DE NOVIEMBRE DE DOS MIL VEINTICUATRO***

*En el Salón de Sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a 7 de noviembre de 2024. Bajo la presidencia de la* ***Excma. Sra. Alcaldesa, doña Inés Rey García,*** *y con la asistencia de los ediles:*

***GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR (PP)***

*D. Miguel Lorenzo Torres*
*D. Roberto Rodríguez Martínez*
*D.ª Rosalía López Sánchez*
*D.ª Susana Catalán Morcillo*
*D. Gonzalo Mora do Campo*
*D. Carlos San Claudio Yáñez*
*D.ª Carmen María No Varela*
*D. Roberto García Fernández*
*D. Antonio Deus Álvarez*
*D.ª Mª Jesús Fariñas Andón*
*D. Roberto Luis Coira Andrade*
*D. Jose Ramón Amado de la Fuente*

***GRUPO MUNICIPAL DE LOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE (PSdeG-PSOE)***

*D. José Manuel Lage Tuñas*
*D.ª Eudoxia María Neira Fernández*
*D. Gonzalo Henrique Castro Prado*
*Dª. Nereida María Canosa Domínguez*
*D. Francisco Dinís Díaz Gallego*
*D.ª Noemí Díaz Vázquez*
*D. Manuel José Vázquez Martínez*
*D.ª Diana María Sobral Cabanas*
*D. Juan Ignacio Borrego Vázquez*
*D.ª Montserrat Paz Romero*

***GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)***

*D. Francisco Xesús Jorquera Caselas*

D.ª Avia Veira González
D.ª María Mercedes Queixas Zas
D. David José Soto Díaz

*D.ª Avia Veira González*
*D.ª María Mercedes Queixas Zas*
*D. David José Soto Díaz*

reúnese, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Excelentísimo Concello Pleno, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

*se reúne, previa convocatoria reglamentariamente circulada, el Excelentísimo Ayuntamiento Pleno, al objeto de celebrar sesión ordinaria en primera convocatoria.*

Dá fe do acto o infraescrito **secretario xeral do Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, e atópase ademais presente o **interventor xeral, don Ángel David Murado Codesal.**

*Da fe del acto el infrascrito **secretario general del Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, hallándose además presente el **interventor general, don Ángel David Murado Codesal.***

Ás dez horas e seis minutos, a Presidencia declara aberta a sesión e pásase a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

*A las diez horas y seis minutos, la Presidencia declara abierta la sesión y se pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.*

## Intervencións

## *Intervenciones*

### Presidencia

Moi bo día a todos e a todas. Iniciamos esta sesión ordinaria do Pleno correspondente ó mes de novembro. Saudamos a todos os membros da Corporación, señor secretario, señor interventor, e tamén a todo o persoal municipal que nos asiste e acompaña nesta sesión, así como os xornalistas acreditados e aqueles que nos seguen como público.

Queremos, por acordo dos voceiros dos diferentes grupos municipais e, polo tanto, de toda a Corporación, queriamos empezar este pleno ordinario mostrando a nosa solidariedade coas vítimas da terrible dana que asolou a Comunidade valenciana e tamén outros territorios como Castilla-La Mancha ou Cataluña, ante unha situación dramática na que as terribles perdas humanas nos consternan a todos e tamén os terribles danos materiais. Dende o Concello da Coruña nos unimos a esa ola de solidariedade e

### *Presidencia*

*Muy buenos días a todos y a todas. Iniciamos esta sesión ordinaria del Pleno correspondiente al mes de noviembre. Saludamos a todos los miembros de la Corporación, señor secretario, señor interventor, y también a todo el personal municipal que nos asiste y acompaña en esta sesión, así como a los periodistas acreditados y a aquellos que nos siguen como público.*

*Queremos, por acuerdo de los portavoces de los diferentes grupos municipales y, por lo tanto, de toda la Corporación, queríamos empezar este pleno ordinario mostrando nuestra solidaridad con las víctimas de la terrible dana que asoló la Comunidad valenciana y también otros territorios como Castilla-La Mancha o Cataluña, ante una situación dramática en la que las terribles pérdidas humanas nos consternan a todos y también los terribles daños materiales. Desde el Ayuntamiento de A Coruña nos unimos a esa ola de*

respecto ós falecidos, ás súas familias e a todas as persoas que están sufrindo nestes momentos as consecuencias terribles desta catástrofe natural como non se recorda no país en moitos anos.

*solidaridad y respeto a los fallecidos, a sus familias y a todas las personas que están sufriendo en estos momentos las consecuencias terribles de esta catástrofe natural como no se recuerda en el país en muchos años.*

Quero tamén expresamente agradecer toda a solidariedade que amosou a cidade da Coruña nestes días con recollidas de alimentos a través de diferentes ONG, a través do Banco de Alimentos e distintas fundacións que con esas recollidas voluntarias enviaron moita axuda a Valencia, aínda que sabemos que nestes momentos xa non precisan esa cooperación alimentaria, por así dicilo, están desbordados. Aínda así quero agradecer esas inmensas colas de veciños e veciñas para levar os alimentos ós afectados.

*Quiero también expresamente agradecer toda la solidaridad que mostró la ciudad de A Coruña en estos días con recogidas de alimentos a través de diferentes ONG, a través del Banco de Alimentos y distintas fundaciones que con esas recogidas voluntarias enviaron mucha ayuda a Valencia, aunque sabemos que en estos momentos ya no necesitan esa cooperación alimentaria, por así decirlo, están desbordados. Aun así quiero agradecer esas inmensas colas de vecinos y vecinas para llevar los alimentos a los afectados.*

Tamén quero facer unha mención especial ós policías e bombeiros da Coruña que se amosaron voluntarios para acudir á zona cero da catástrofe e axudar co que agora precisan, que son pois medios humanos e medios materiais específicos para as labores de rescate, desescombro e auxilio ás persoas que aínda están atrapadas nas súas vivendas e que non poden saír. Non requiriron todavía a presenza de policías locais, quero agradecerlles a súa disposición. Si o fixeron dos bombeiros e quero recoñecer o durísimo traballo que está a facer alí dende o pasado luns un primeiro equipo de bombeiros e doutro que sairá mañá pola mañá, ás oito da mañá, da Coruña, un segundo continxente para axudar.

*También quiero hacer una mención especial a los policías y bomberos de A Coruña que se mostraron voluntarios para acudir a la zona cero de la catástrofe y ayudar con lo que ahora necesitan, que son pues medios humanos y medios materiales específicos para las labores de rescate, desescombro y auxilio a las personas que aún están atrapadas en sus viviendas y que no pueden salir. No requirieron todavía la presencia de policías locales, quiero agradecerles su disposición. Sí lo hicieron de los bomberos y quiero reconocer el durísimo trabajo que está haciendo allí desde el pasado lunes un primer equipo de bomberos y de otro que saldrá mañana por la mañana, a las ocho de la mañana, de A Coruña, un segundo contingente para ayudar.*

E detrás da axuda dos concellos, das institucións, hai persoas que non dubidaron nin un minuto en deixar as súas casas, as súas familias durante unha semana para traballar doce, catorce, quince horas ó día e poder axudar. Son Rafa, Rama, Julen, Hache, César, Juanjo,

*Y detrás de la ayuda de los ayuntamientos, de las instituciones, hay personas que no dudaron ni un minuto en dejar sus casas, sus familias durante una semana para trabajar doce, catorce, quince horas al día y poder ayudar. Son Rafa, Rama, Julen, Hache, César, Juanjo, Garaboa, Rubén*

Garaboa, Rubén Suárez, Nacho, Cani, Mitchell e Saavedra, e mañá sairán para Valencia Suso Vidal, Lendoiro, Roberto Rivas, Ameijenda, Mani, Iván Abeleira, Nodar, Pallarés, Quico Rodríguez, Roberto Vázquez, Iván Brea, Carlos Blanco e Casanova. A todos eles e tamén ós que quedaron aquí coordinando este operativo vaia o noso agradecemento en nome de toda a cidade.

*Suárez, Nacho, Cani, Mitchell y Saavedra, y mañana saldrán para Valencia Suso Vidal, Lendoiro, Roberto Rivas, Ameijenda, Mani, Iván Abeleira, Nodar, Pallarés, Quico Rodríguez, Roberto Vázquez, Iván Brea, Carlos Blanco y Casanova. A todos ellos y también a los que se quedaron aquí coordinando este operativo vaya nuestro agradecimiento en nombre de toda la ciudad.*

Así que neste momento voulles pedir que nos poñamos en pé para gardar este minuto de silencio. Moitas grazas.

*Así que en este momento les voy a pedir que nos pongamos en pie para guardar este minuto de silencio. Muchas gracias.*

**Gárdase un minuto de silencio.**

***Se guarda un minuto de silencio.***

**I – PARTE RESOLUTIVA**

***I – PARTE RESOLUTIVA***

**ASUNTO 1**

***ASUNTO 1***

**Comunicacións da Alcaldía**

***Comunicaciones de la Alcaldía***

**121. Comunicado da Alcaldía sobre a violencia de xénero.**

***121. Comunicado de la Alcaldía sobre la violencia de género.***

**Presidencia**

***Presidencia***

Ben, como cada pleno ordinario dende o pasado 14 de setembro de 2015 que se aprobou por unanimidade unha moción na que se acordaba comezar os plenos gardando un minuto de silencio por cada unha das vítimas de violencia de xénero que tiveran ocurrido dende o anterior Pleno, o número de mulleres asasinadas por violencia de xénero en España ascendeu a 59 no ano 2023, 39 no 2024 e 1.283 dende o 1 de xaneiro de 2003.

*Ben, como cada pleno ordinario desde el pasado 14 de septiembre de 2015 que se aprobó por unanimidad una moción en la que se acordaba comenzar los plenos guardando un minuto de silencio por cada una de las víctimas de violencia de género que hubieran ocurrido desde el anterior Pleno, el número de mujeres asesinadas por violencia de género en España ascendió a 59 en el año 2023, 39 en el 2024 y 1.283 desde el 1 de enero de 2003.*

O número de menores asasinados ascendeu a 10 no ano 2024 e a 63 dende o 1 de xaneiro do 2013, quedando dende esta data 457 menores orfos.

*El número de menores asesinados ascendió a 10 en el año 2024 y a 63 desde el 1 de enero del 2013, quedando desde esta fecha 457 menores huérfanos.*

Desde o Pleno do 3 de outubro ata o día de hoxe confirmáronse 2 mulleres asasinadas por violencia de xénero. O 22 de outubro de 2024, unha muller de 40

*Desde el Pleno de 3 de octubre hasta el día de hoy se confirmaron 2 mujeres asesinadas por violencia de género. El 22 de octubre de 2024, una mujer de 40 años*

anos en Almería e o 18 de outubro de 2024, unha muller, tamén de identidade descoñecida, de 33 anos en Segovia.

*en Almería y el 18 de octubre de 2024, una mujer, también de identidad desconocida, de 33 años en Segovia.*

Polo tanto solicito novamente que nos poñamos en pé para gardar dous minutos de silencio.

*Por lo tanto solicito nuevamente que nos pongamos en pie para guardar dos minutos de silencio.*

**Gárdanse dous minutos de silencio.**

***Se guardan dos minutos de silencio.***

**122. Declaración institucional con motivo do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller**.

***123. Declaración institucional con motivo del Día Internacional de la Eliminación de la Violencia contra la Mujer.***

**Presidencia**

***Presidencia***

Comezamos este pleno dando lectura á declaración institucional con motivo do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller que se conmemora o 25 de novembro.

*Comenzamos este pleno dando lectura a la declaración institucional con motivo del Día Internacional de la Eliminación de la Violencia contra la Mujer que se conmemora el 25 de noviembre.*

O 25 de novembro, conmemoramos o Día Internacional da Eliminación da violencia contra a Muller, conscientes de que a violencia que sofren as mulleres e nenas polo feito de selo segue sendo un problema estrutural que atravesa fronteiras, culturas e circunstancias. Os Concellos, Deputacións, Cabildos e Consellos Insulares unímonos para reafirmar o noso compromiso coa loita pola igualdade e a dignidade.

*El 25 de noviembre, conmemoramos el Día Internacional de la Eliminación de la Violencia contra la Mujer, conscientes de que la violencia que sufren las mujeres y niñas por el hecho de serlo sigue siendo un problema estructural que atraviesa fronteras, culturas y circunstancias. Los Ayuntamientos, Diputaciones, Cabildos y Consejos Insulares nos unimos para reafirmar nuestro compromiso con la lucha por la igualdad y la dignidad.*

A erradicación da violencia contra as mulleres é unha tarefa que lle corresponde a toda a sociedade como parte dun esforzo colectivo para transformar as estruturas que perpetúan o machismo e a desigualdade, evitando caer nos discursos negacionistas, porque a pesar dos desenvolvementos lexislativos en España aínda queda moito por facer.

*La erradicación de la violencia contra las mujeres es una tarea que le corresponde a toda la sociedad como parte de un esfuerzo colectivo para transformar las estructuras que perpetúan el machismo y la desigualdad, evitando caer en los discursos negacionistas, porque a pesar de los desarrollos legislativos en España, aún queda mucho por hacer.*

É imprescindible que toda a sociedade se una na condena da violencia machista en todas as súas manifestacións, e que

*Es imprescindible que toda la sociedad se una en la condena de la violencia machista*

traballemos colectivamente para construír un futuro no que ningunha muller deba de vivir con medo. Só co compromiso activo de todos e todas poderemos erradicar este fenómeno estrutural.

Dende o ano 2003, en España máis de 1.279 mulleres foron asasinadas polas súas parellas ou ex parellas e no que levamos de ano 24 menores quedaron orfos.

A esta traxedia debemos sumar innumerables violencias cotiás que permanecen moitas veces invisibles e silenciadas: a violencia económica que priva ás mulleres da súa independencia; a violencia vicaria onde os fillos e fillas utilízanse como instrumento de sufrimento; a violencia dixital, que se manifesta en ameazas, acoso e chantaxe na contorna virtual; e a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual, unha das formas máis crueis de escravitude contemporánea. Non podemos esquecer tampouco o uso da submisión química, unha práctica deplorable que converte ás vítimas en obxectos sen vontade para ser violentadas impunemente.

Tampouco podemos ignorar as formas extremas de violencia que se agravan en contextos de guerra e conflito armado, onde as mulleres e nenas son utilizadas como armas de guerra, sufrindo violacións, abusos e escravitude sexual, crimes que con demasiada frecuencia quedan impunes. Estas atrocidades exíxenos reforzar o noso compromiso coa defensa dos dereitos humanos e a protección das vítimas, esixindo xustiza e reparación en todas as partes do mundo. Nun día como o 25 de novembro, lembramos especialmente ás mulleres e nenas de Afganistán a quen as novas leis do réxime talibán privan aínda máis de

*en todas sus manifestaciones, y que trabajemos colectivamente para construir un futro en el que ninguna mujer deba vivir con miedo. Solo con el compromiso activo de todos y todas podremos erradicar este fenómeno estructural.*

*Desde el año 2003, en España más de 1.279 mujeres han sido asesinadas a manos de sus parejas o exparejas, y en lo que llevamos de año, 24 menores han quedado huérfanos.*

*A esta tragedia debemos sumar las innumerables violencias cotidianas que permanecen muchas veces invisibles y silenciadas: la violencia económica que priva a las mujeres de su independencia; la violencia vicaria, donde los hijos e hijas son utilizados como instrumentos de sufrimiento; la violencia digital, que se manifiesta en amenazas, acosos y chantaje en el entorno virtual; y la trata de mujeres y niñas con fines de explotación sexual, una de las formas más crueles de esclavitud contemporánea. No podemos olvidar tampoco el uso de la sumisión química, una práctica deplorable que convierte a las víctimas en objetos sin voluntad para ser violentadas impunemente.*

*Tampoco podemos ignorar las formas extremas de violencia que se agravan en contextos de guerra y conflicto armado, donde mujeres y niñas son utilizadas como armas de guerra, sufriendo violaciones, abusos y esclavitud sexual, crímenes que con demasiada frecuencia quedan impunes. Estas atrocidades nos exigen reforzar nuestro compromiso con la defensa de los derechos humanos y la protección de las víctimas, exigiendo justicia y reparación en todas las partes del mundo. En un día como el 25 de noviembre, recordamos especialmente a las mujeres y niñas de Afganistán, a quienes las nuevas leyes del régimen*

liberdade, recluíndoas nos seus fogares, sen acceso a educación, ao traballo nin a vida pública. Esta regresión de dereitos é un doloroso recordatorio de que a loita pola igualdade e a xustiza non poden cesar e que a comunidade internacional debe redobrar os seus esforzos para asegurar que os dereitos das mulleres non sexan socavados nin silenciados en ningún lugar do mundo.

*talibán han privado aún más de libertad, recluyéndolas en sus hogares, sin acceso a la educación, al trabajo ni a la vida pública. Esta regresión de derechos es un doloroso recordatorio de que la lucha por la igualdad y la justicia no puede cesar, y que la comunidad internacional debe redoblar sus esfuerzos para asegurar que los derechos de las mujeres no sean socavados ni silenciados en ninguna parte del mundo.*

Este ano congratulámonos dun avance crucial no ámbito europeo: a Directiva 2024/1385 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de maio de 2024, sobre a loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica. É unha norma que marca un fito na protección dos dereitos das mulleres, establecendo medidas para combater a violencia de xénero e garantir o acceso á xustiza e a protección das vítimas e que obriga aos Estados membros a adoitar medidas que fortalezan os servizos de apoio, aseguren unha adecuada resposta penal mediante a tipificación de novos delitos —como, por exemplo, o ciberacoso— e que promovan a cooperación transfronteiriza, garantindo que ningunha muller quede desprotexida polas fronteiras internacionais.

*Este año, nos congratulamos de un avance crucial en el ámbito europeo: la Directiva 2024/1385 del Parlamento Europeo e do Consejo, de 14 de mayo de 2024, sobre la lucha contra la violencia contra las mujeres y la violencia doméstica. Es una norma que marca un hito en la protección de los derechos de las mujeres, estableciendo medidas para combatir la violencia de género y garantizar el acceso a la justicia y la protección de las víctimas y obliga a los Estados miembros a adoptar medidas que fortalezcan los servicios de apoyo, aseguren una adecuada respuesta penal mediante la tipificación de nuevos delitos –como, por ejemplo, el ciberacoso– y que promuevan la cooperación transfronteriza, garantizando que ninguna mujer quede desprotegida por las fronteras internacionales.*

Por este motivo, instamos o Goberno de España a proceder canto antes á transposición desta directiva ao ordenamento xurídico e normativo nacional, co fin de garantir que as vítimas de violencia de xénero reciban toda a atención e protección necesarias de acordo cos estándares europeos. Esta implementación é fundamental para asegurar a plena efectividade dos dereitos recoñecidos ás vítimas no ámbito comunitario, consolidando así o marco normativo que reforza a súa protección e asistencia integral no territorio español.

*Por este motivo, instamos al Gobierno de España a proceder cuanto antes a la trasposición de esta directiva al ordenamiento jurídico y normativo nacional, con el fin de garantizar que las víctimas de violencia de género reciban toda la atención y protección necesarias, de acuerdo con los estándares europeos. Esta implementación es fundamental para asegurar la plena efectividad de los derechos reconocidos a las víctimas en el ámbito comunitario, consolidando así el marco normativo que refuerza su protección y asistencia integral en el territorio español.*

Os concellos, a través da FEMP, comprometémonos firmemente a seguir mellorando a coordinación entre as distintas institucións implicadas na loita contra a violencia de xénero, para asegurar que as vítimas reciban o apoio integral que necesitan para superar a violencia sufrida. Ademais, instamos a todas as administracións competentes a redobrar esforzos na formación continua dos profesionais que interveñen na atención ás vítimas, co fin de garantir unha resposta especializada e de calidade que cubra todas as súas necesidades desde un enfoque integral e multidisciplinar.

*Los ayuntamientos, a través de la FEMP, nos comprometemos firmemente a seguir mejorando la coordinación entre las distintas instituciones implicadas en la lucha contra la violencia de género, para asegurar que las víctimas reciban el apoyo integral que necesitan para superar la violencia sufrida. Además, instamos a todas las administraciones competentes a redoblar esfuerzos en la formación continua de los profesionales que intervienen en la atención a las víctimas, con el fin de garantizar una respuesta especializada y de calidad que cubra todas sus necesidades desde un enfoque integral y multidisciplinar.*

Por iso, facemos un chamamento a todas as entidades locais para adherirse a esta declaración e sumarse a este esforzo conxunto por unha sociedade máis xusta, libre de violencia e verdadeiramente igualitaria.

*Por ello, hacemos un llamamiento a todas las entidades locales para adherirse a esta declaración y sumarse a este esfuerzo conjunto por una sociedad más justa, libre de violencia y verdaderamente igualitaria.*

Hoxe, máis que nunca, é a nosa responsabilidade denunciar publicamente todas as formas de violencia contra a muller, para que o silencio e a complicidade non teñan cabida na nosa sociedade. É hora de que a vergoña recaia onde debe estar: en quen exerce a violencia e non en quen a sofre.

*Hoy, más que nunca, es nuestra responsabilidad denunciar públicamente todas las formas de violencia contra la mujer, para que el silencio y la complicidad no tengan cabida en nuestra sociedad. Es hora de que la vergüenza recaiga donde debe estar: en quienes ejercen la violencia y no en quienes la sufren.*

**123. Aprobación do borrador da acta da seguinte sesión:**

***123. Aprobación del borrador del acta de la siguiente sesión:***

**- Ordinaria de 12 de setembro de 2024.**

***- Ordinaria de 12 de septiembre de 2024***

**Presidencia**

***Presidencia***

Dentro das comunicacións da Alcaldía está tamén a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria de 12 de setembro de 2024 que queda aprobada ó non haber alegacións á mesma.

*Dentro de las comunicaciones de la Alcaldía está también la aprobación del borrador del acta de la sesión ordinaria de 12 de septiembre de 2024 que queda aprobada al no haber alegaciones a la misma.*

E pasamos xa ó Asunto número dous

*Y pasamos ya al Asunto número dos*

correspondente á Concellería de Seguridade Cidadá e Interior. Señor Secretario.

**CONCELLARÍA DE SEGURIDADE CIDADÁ E INTERIOR**

**ASUNTO 2**

**124. Expediente 861/2024/107**
**Aprobación inicial da modificación do Regulamento de Honras e Distincións do Corpo da Policía Local do Concello da Coruña.**

Este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral en sesión celebrada o 4 de novembro de 2024, cos votos a favor do Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE e a abstención dos grupos municipais do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego, propoñendo ó Pleno da Corporación a adopción dos acordos seguintes:

**Primeiro**. Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento de Honras e Distincións do Corpo da Policía Local do Concello da Coruña, documento con código de verificación segura 6828 3Z73 555Y 2M25 02SB.

A redacción quedaría da seguinte maneira:

**“REGULAMENTO DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO CORPO DA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DA CORUÑA**

**PREÁMBULO**

Ao amparo do establecido no artigo 106 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías

*correspondiente a la Concejalía de Seguridad Ciudadana e Interior. Señor Secretario.*

***CONCEJALÍA DE SEGURIDAD CIUDADANA E INTERIOR***

***ASUNTO 2***

***124. Expediente 861/2024/107***
***Aprobación inicial de la modificación del Reglamento de Honores y Distinciones del Cuerpo de la Policía Local del Ayuntamiento de A Coruña.***

*Este asunto fue dictaminado favorablemente por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda, Planificación Urbana y Administración General en sesión celebrada el 4 de noviembre de 2024, con los votos a favor del Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE y la abstención de los grupos municipales del Partido Popular y del Bloque Nacionalista Galego, proponiendo al Pleno de la Corporación la adopción de los acuerdos siguientes:*

***Primero.*** *Aprobar inicialmente la modificación del Reglamento de Honores y Distinciones del Cuerpo de la Policía Local del Ayuntamiento de A Coruña, documento con código de verificación segura 6828 3Z73 555Y 2M25 02SB.*

*La redacción quedaría de la siguiente manera:*

***“REGLAMENTO DE HONORES Y DISTINCIONES DEL CUERPO DE LA POLICÍA LOCAL DEL AYUNTAMIENTO DE A CORUÑA***

***PREÁMBULO***

*Al amparo de lo establecido en el artículo 106 del Decreto 243/2008, de 16 de octubre, por el que se desarrolla la Ley 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de*

locais, elaborouse o Regulamento de honras e distincións do Corpo da Policía Local da Coruña, no que se establecen as honras e distincións coas que os membros da Policía Local, institucións e persoas físicas alleas ao corpo poderán ser distinguidas polos seus excepcionais méritos ou polos relevantes servizos prestados a favor deste corpo ou dos intereses xerais da cidadanía do municipio da Coruña.

O Decreto 243/2008, do 16 de outubro, foi derrogado polo Decreto 15/2023 do 12 de xaneiro, que modificou e dou unha nova redacción, entre outras, ás disposicións que regulan o capítulo III, dedicado ás distincións e recompensas. Polo dito motivo e polas necesidades de mellora detectadas dende a súa aplicación, cómpre actualizar o Regulamento de Honras e Distinción do Corpo da Policía Local do Concello da Coruña, quedando o novo texto como a continuación se indica.

**Artigo 1. Creación e modalidades**

Coa finalidade de premiar e distinguir publicamente as persoas integrantes da Policía Local da Coruña, por feitos excepcionais, por feitos de particular relevancia relacionados co servizo policial, por permanencia e por traxectoria profesional exemplar así como a aquelas persoas ou entidades públicas e privadas que destaquen pola súa conduta a favor da Policía Local da Coruña, créanse as seguintes modalidades de distincións e recompensas:

a) Placa colectiva ao mérito da Policía Local
b) Medalla ao mérito da Policía Local
c) Medalla á traxectoria profesional
d) Distintivo de mérito
e) Felicitacións públicas
f) Medalla á permanencia no servizo

*policías locales, se elaboró el Reglamento de Honores y Distinciones del Cuerpo de la Policía Local de A Coruña, en el que se establecen los honores y distinciones con los que los miembros de la Policía Local, instituciones y personas físicas ajenas al cuerpo podrán ser distinguidas por sus excepcionales méritos o por los relevantes servicios prestados a favor de este cuerpo o de los intereses generales de la ciudadanía del municipio de A Coruña.*

*El Decreto 243/2008, de 16 de octubre, fue derogado por el Decreto 15/2023, de 12 de enero, que modificó y dio una nueva redacción, entre otras, a las disposiciones que regulan el capítulo III, dedicado a las distinciones y recompensas. Por dicho motivo y por las necesidades de mejora detectadas desde su aplicación, es necesario actualizar el Reglamento de Honores y Distinciones del Cuerpo de la Policía Local del Ayuntamiento de A Coruña, quedando el nuevo texto como a continuación se indica.*

***Artículo 1. Creación y modalidades***

*Con la finalidad de premiar y distinguir públicamente a las personas integrantes de la Policía Local de A Coruña, por hechos excepcionales, por hechos de particular relevancia relacionados con el servicio policial, por permanencia y por trayectoria profesional ejemplar así como a aquellas personas o entidades públicas y privadas que destaquen por su conducta a favor de la Policía Local de A Coruña, se crean las siguientes modalidades de distinciones y recompensas:*

*a) Placa colectiva al mérito de la Policía Local*
*b) Medalla al mérito de la Policía Local*
*c) Medalla a la trayectoria profesional*
*d) Distintivo de mérito*
*e) Felicitaciones públicas*
*f) Medalla a la permanencia en el servicio*

g) Encomenda á permanencia no servizo
h) Placa á permanencia no servizo

**Artigo 2. Ámbito subxectivo das distincións**

1.- A Placa colectiva ao mérito da Policía Local destinarase a distinguir as unidades, seccións ou grupos da Policía Local da Coruña ou as unidades operativas deles, pola súa contribución e meritorio labor colectivo en favor da dignificación e do recoñecemento público da Policía Local, así como na súa defensa e promoción dos dereitos e liberdades públicas.

Excepcionalmente, poderán ser distinguidas aquelas persoas ou entidades públicas e privadas que cumpran algunha das condicións esixidas para a súa concesión e que se valoren de forma especial actuacións particularmente relacionadas coa Policía Local, no exercicio das súas funcións.

2.- A Medalla ao mérito da Policía Local destinarase a distinguir a título individual o persoal funcionario da Policía Local da Coruña que destaque de forma relevante pola súa notoria entrega ao servizo, polo seu traballo humanitario e a súa contribución á dignificación, prestixio e recoñecemento público da Policía Local, así como na defensa e promoción dos dereitos e liberdades públicas, conforme ao disposto no artigo 5 do presente regulamento.

Excepcionalmente, poderán ser distinguidas aquelas persoas ou entidades públicas e privadas que cumpran algunha das condicións esixidas para a súa concesión e que se valoren de forma especial actuacións particularmente relacionadas coa Policía Local, no exercicio das súas funcións.

3.- A Medalla á traxectoria profesional

*g) Encargo a la permanencia en el servicio*
*h) Placa a la permanencia en el servicio*

***Artículo 2. Ámbito subjetivo de las distinciones***

*1.- La Placa colectiva al mérito de la Policía Local se destinará a distinguir las unidades, secciones o grupos de la Policía Local de A Coruña o las unidades operativas de ellos, por su contribución y meritoria labor colectiva en favor de la dignificación y del reconocimiento público de la Policía Local, así como en su defensa y promoción de los derechos y libertades públicas.*

*Excepcionalmente, podrán ser distinguidas aquellas personas o entidades públicas y privadas que cumplan alguna de las condiciones exigidas para su concesión y que se valoren de forma especial actuaciones particularmente relacionadas con la Policía Local, en el ejercicio de sus funciones.*

*2.- La Medalla al mérito de la Policía Local se destinará a distinguir a título individual el personal funcionario de la Policía Local de A Coruña que destaque de forma relevante por su notoria entrega al servicio, por su trabajo humanitario y su contribución a la dignificación, prestigio y reconocimiento público de la Policía Local, así como en la defensa y promoción de los derechos y libertades públicas, conforme a lo dispuesto en el artículo 5 del presente reglamento.*

*Excepcionalmente, podrán ser distinguidas aquellas personas o entidades públicas y privadas que cumplan alguna de las condiciones exigidas para su concesión y que se valoren de forma especial actuaciones particularmente relacionadas con la Policía Local, en el ejercicio de sus funciones*

*3.- La medalla a la trayectoria profesional*

destinarase ao persoal funcionario integrante da Policía Local da Coruña que se distinga por desenvolver unha traxectoria profesional exemplar no Corpo.

*se destinará al personal funcionario integrante de la Policía Local de A Coruña que se distinga por desarrollar una trayectoria profesional ejemplar en el Cuerpo.*

4.- O Distintivo de mérito concederase ao persoal funcionario integrante da Policía Local da Coruña pola realización de cometidos de especial significación para a cidadanía.

*4.- El Distintivo de mérito se concederá al personal funcionario integrante de la Policía Local de A Coruña por la realización de cometidos de especial significación para la ciudadanía.*

5.- As felicitacións públicas concederanse a persoas alleas ao Corpo da Policía Local da Coruña ou a entidades públicas ou privadas que destacasen na promoción e no apoio ás funcións da Policía Local da Coruña. Excepcionalmente poderán concederse a membros do Corpo da Policía Local da Coruña pola realización de actividades fóra da súa actividade profesional que destaquen no estudo, promoción, dignificación, colaboración e apoio á función da Policía Local.

*5.- Las Felicitaciones públicas se concederán a personas ajenas al Cuerpo de la Policía Local de A Coruña o a las entidades públicas o privadas que destacasen en la promoción y en el apoyo a las funciones de la Policía Local de A Coruña. Excepcionalmente podrán concederse a miembros del Cuerpo de la Policía Local de A Coruña por la realización de actividades fuera de su actividad profesional que destaquen en el estudio, promoción, dignificación, colaboración y apoyo a la función de la Policía Local.*

6.- A Medalla á permanencia no servizo entregarase ao persoal da Policía Local da Coruña, calquera que sexa a súa categoría, como premio aos 20 e 30 anos de servizos efectivamente prestados no Corpo.

*6.- La Medalla a la permanencia en el servicio se entregará al personal de la Policía Local de A Coruña, cualquiera que sea su categoría, como premio a los 20 y 30 años de servicios efectivamente prestados en el Cuerpo.*

7.- A Encomenda á permanencia no servizo, entregarase ao persoal da Policía Local da Coruña, calquera que sexa a súa categoría, como premio aos 35 anos de servizos efectivamente prestados no Corpo.

*7.- La Encomienda a la permanencia en el servicio, se entregará al personal de la Policía Local de A Coruña, cualquiera que sea su categoría, como premio a los 35 años de servicios efectivamente prestados en el Cuerpo.*

8.- A Placa á permanencia no servizo, entregarase ao persoal da Policía Local da Coruña, calquera que sexa a súa categoría, como premio aos 40 anos de servizos efectivamente prestados no Corpo.

*8.- La Placa a la permanencia en el servicio, se entregará al personal de la Policía Local de A Coruña, cualquiera que sea su categoría, como premio a los 40 años de servicios efectivamente prestados en el Cuerpo.*

9.- A Comisión de Distincións, regulada

*9.- La Comisión de Distinciones, regulada*

no artigo II do presente regulamento, propoñeralle ao Concello da Coruña o nomeamento como persoal funcionario honorífico aos/ás seus/súas policías locais, coa categoría que ocupasen ao cesar no servizo pola xubilación, a incapacidade que teña carácter definitivo ou o falecemento do funcionariado pertencente ao Corpo da Policía Local. Ademais, entregaráselles un recordo en honra ao labor desempeñado no Corpo.

*en el artículo II del presente reglamento, le propondrá al Ayuntamiento de A Coruña el nombramiento como personal funcionario honorífico a sus policías locales, con la categoría que ocuparan al cesar en el servicio por la jubilación, la incapacidad que tenga carácter definitivo o el fallecimiento del funcionariado perteneciente al Cuerpo de la Policía Local. Además, se les entregará un recuerdo en honra a la labor desempeñada en el Cuerpo.*

10.- O/a xefe/a do Corpo da Policía Local poderá, ao longo do ano, felicitar motivadamente a membros do corpo por actos destacados que non impliquen a concesión dalgunha das distincións reguladas neste regulamento.

*10.- El/la jefe/a del Cuerpo de la Policía Local podrá, a lo largo del año, felicitar motivadamente a miembros del cuerpo por actos destacados que no impliquen la concesión de alguna de las distinciones reguladas en este reglamento.*

**Artigo 3. Outras honras e dereitos**

***Artículo 3. Otras honores y derechos***

1.- As persoas titulares das distincións terán dereito ao uso delas sobre o uniforme, nos termos previstos na normativa de uniformidade vixente.

*1.- Las personas titulares de las distinciones tendrán derecho al uso de ellas sobre el uniforme, en los términos previstos en la normativa de uniformidad vigente.*

2.- As persoas distinguidas poderán ocupar un lugar ou sitio preferente nos actos oficiais aos que fosen convocados ou organizados polo Concello da Coruña.

*2.- Las personas distinguidas podrán ocupar un lugar o sitio preferente en los actos oficiales a los que fueran convocados u organizados por el Ayuntamiento de A Coruña.*

3.- A todas as persoas distinguidas entregaráselles a distinción e o diploma acreditativo correspondente, coas características que se recollen nos anexos deste regulamento.

*3.- A todas las personas distinguidas se les entregará la distinción y el diploma acreditativo correspondiente, con las características que se recogen en los anexos de este reglamento.*

4.- Os gastos que implique a concesión de honras e distincións serán sufragados integramente polo Concello da Coruña.

*4.- Los gastos que implique la concesión de Honores y distinciones serán sufragados íntegramente por el Ayuntamiento de A Coruña.*

**Artigo 4. Placa colectiva ao mérito da Policía Local**

***Artículo 4. Placa colectiva al mérito de la Policía Local***

Para conceder a Placa colectiva ao mérito

*Para conceder la Placa colectiva al mérito*

da Policía Local será necesario que as persoas propostas reúnan algunha das seguintes condicións:

a) Participar nun acto de servizo de especial dificultade ou complexidade que requira dos funcionarios/as actuantes unha acción de carácter extraordinario e excepcional que puxese en risco grave e inminente as súas vidas e do que se deriven inequívocos beneficios na defensa e promoción dos dereitos e liberdades públicas de especial transcendencia e repercusión no ámbito do municipio ou na imaxe do Corpo.

b) Por un destacado labor colectivo, con dedicación a sectores de especial protección, por estudos ou traballos científicos que comporten prestixio e evidencien unha decisiva contribución a favor da dignificación e recoñecemento público das policías locais, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguridade, desenvolvidas e recoñecidas no ámbito universitario e doutros organismos públicos.

**Artigo 5. Medalla ao mérito da Policía Local**

1.- A Medalla ao mérito da Policía Local concederáselles aos/ás axentes que interveñan en actos en defensa e protección dos intereses que teñan encomendados, dos que se derive risco real, grave e concreto para a súa persoa, poñendo de manifesto calidades de valor, sacrificio, lealdade ou abnegación excepcionais, con independencia do resultado producido, sempre que superen o estrito cumprimento das súas obrigas e deberes regulamentarios.

Para o seu outorgamento, na conduta observada que orixine o expediente de concesión non poderá mediar menoscabo da honra ou actos contrarios aos principios básicos de actuación aplicables

*de la Policía Local será necesario que las personas propuestas reúnan alguna de las siguientes condiciones:*

*a) Participar en un acto de servicio de especial dificultad o complejidad que requiera de los funcionarios/as actuantes una acción de carácter extraordinario y excepcional que pusiera en riesgo grave e inminente sus vidas y del que se deriven inequívocos beneficios en la defensa y promoción de los derechos y libertades públicas de especial trascendencia y repercusión en el ámbito del municipio o en la imagen del Cuerpo.*

*b) Por una destacada labor colectiva, con dedicación a sectores de especial protección, por estudios o trabajos científicos que comporten prestigio y evidencien una decisiva contribución a favor de la dignificación y reconocimiento pública de las policías locales, o también al colectivo de las fuerzas y cuerpos de seguridad, desarrolladas y reconocidas en el ámbito universitario y de otros organismos públicos.*

***Artículo 5. Medalla al mérito de la Policía Local***

*1.- La Medalla al mérito de la Policía Local se les concederá a los/as agentes que intervengan en actos en defensa y protección de los intereses que tengan encomendados, de los que se derive riesgo real, grave y concreto para su persona, poniendo de manifiesto cualidades de valor, sacrificio, lealtad o abnegación excepcionales, con independencia del resultado producido, siempre que superen el estricto cumplimiento de sus derechos y deberes reglamentarios.*

*Para su otorgamiento, en la conducta observada que origine el expediente de concesión no podrá mediar menoscabo de la honra o actos contrarios a los principios básicos de actuación aplicables a la*

á Policía Local.

2.- A concesión da Medalla ao Mérito da Policía Local require que nas persoas propostas concorra algunha das seguintes condicións:

a) Resultar a persoa falecida ou en situación de incapacidade como consecuencia dun acto de servizo que impida a continuidade no exercicio da función policial, sempre que se evidencie un sobresaliente e excepcional valor persoal.

b) Intervir en actos en defensa e protección dos intereses que teñan encomendados e que poñan de manifesto calidades de valor, sacrificio, lealdade ou abnegación excepcionais, e dos cales derive risco grave para a persoa, con independencia do resultado producido, sempre que superen o estrito cumprimento das súas obrigas e deberes regulamentarios.

c) Participar en tres ou máis servizos en que mediase agresión con armas ou outros medios perigosos que entrañen risco grave para a súa persoa, demostrando valor, capacidade e eficacia nas actuacións.

d) Dirixir ou executar con éxito un servizo en que pola súa especial e extraordinaria dificultade ou importancia se evidencian importantes calidades profesionais ou cívicas.

e) Realizar estudos profesionais ou científicos relevantes que prestixien as competencias e funcións das policías locais.

3.- Excepcionalmente, poderán ser distinguidas aquelas persoas ou entidades públicas e privadas que cumpran algunha das condicións esixidas para a súa concesión. Para este efecto, valoraranse

*Policía Local.*

*2.- La concesión de la Medalla al Mérito de la Policía Local requiere que en las personas propuestas concurra alguna de las siguientes condiciones:*

*a) Resultar la persona fallecida o en situación de incapacidad a consecuencia de un acto de servicio que impida la continuidad en el ejercicio de la función policial, siempre que se evidencie un sobresaliente y excepcional valor personal.*

*b) Intervenir en actos en defensa y protección de los intereses que tengan encomendados y que pongan de manifiesto calidades de valor, sacrificio, lealtad o abnegación excepcionales, y de los cuales derive riesgo grave para la persona, con independencia del resultado producido, siempre que superen el estricto cumplimiento de sus derechos y deberes reglamentarios.*

*c) Participar en tres o más servicios en que mediara agresión con armas u otros medios peligrosos que entrañen riesgo grave para su persona, demostrando valor, capacidad y eficacia en las actuaciones.*

*d) Dirigir o ejecutar con éxito un servicio en que por su especial y extraordinaria dificultad o importancia se evidencian importantes calidades profesionales o cívicas.*

*e) Realizar estudios profesionales o científicos relevantes que prestigien las competencias y funciones de las policías locales.*

*3.- Excepcionalmente, podrán ser distinguidas aquellas personas o entidades públicas y privadas que cumplan alguna de las condiciones exigidas para su concesión. Para este efecto, se valorarán*

de forma especial as actuacións particularmente relacionadas coa Policía Local, no exercicio das súas funcións.

*de forma especial las actuaciones particularmente relacionadas con la Policía Local, en el ejercicio de sus funciones.*

**Artigo 6. Medalla á traxectoria profesional na Policía Local da Coruña**

***Artículo 6. Medalla a la trayectoria profesional en la Policía Local de A Coruña***

1.- A Medalla á traxectoria profesional entregaráselles anualmente aos/ás policías locais, calquera que sexa a súa categoría, cando se dea o seguinte suposto:

*1.- La Medalla a la trayectoria profesional se les entregará anualmente a los/as policías locales, cualquiera que sea su categoría, cuando se dé el siguiente supuesto:*

Sobresaír con notoriedade e perseveranza no cumprimento dos deberes do seu cargo, que constitúa unha conduta exemplar e prolongada no tempo, en aras á dignificación, prestixio e recoñecemento público das policías locais, así como na súa misión de defensa, promoción e protección das liberdades públicas.

*Sobresalir con notoriedad y perseverancia en el cumplimiento de los deberes de su cargo, que constituya una conducta ejemplar y prolongada en el tiempo, en aras a la dignificación, prestigio y reconocimiento público de las Policías Locales, así como en su misión de defensa, promoción y protección de las libertades públicas.*

Será requisito indispensable para ser elixible neste apartado ter un mínimo de quince anos de servizo no Corpo da Policía Local da Coruña e que non consten antecedentes desfavorables no seu expediente persoal ou pendentes de cancelar.

*Será requisito indispensable para ser elegible en este apartado tener un mínimo de quince años de servicio en el Cuerpo de la Policía Local de A Coruña y que no consten antecedentes desfavorables en su expediente personal o pendientes de cancelar.*

2.- Ningún axente poderá recibir esta distinción máis dunha vez en toda a súa carreira profesional por cada un dos supostos de concesión.

*2.- Ningún agente podrá recibir esta distinción más de una vez en toda su carrera profesional por cada uno de los supuestos de concesión.*

**Artigo 7. Distintivo de mérito**

***Artículo 7. Distintivo de mérito***

Poderá concederse ao persoal da Policía Local da Coruña, por unha especial entrega e dedicación en casos de alarma, catástrofe ou calamidade pública, onde a poboación precise dunha especial vixilancia, protección e colaboración.

*Podrá concederse al personal de la Policía Local de A Coruña, por una especial entrega y dedicación en casos de alarma, catástrofe o calamidad pública, donde la población precise de una especial vigilancia, protección y colaboración.*

**Artigo 8. Felicitacións públicas**

***Artículo 8. Felicitaciones públicas***

As felicitacións públicas concederanse de forma discrecional a persoas alleas ao Corpo da Policía Local da Coruña ou entidades públicas ou privadas que pola súa actividade profesional ou docente destacasen no estudo, promoción, dignificación, colaboración e apoio á función da Policía Local.

*Las felicitaciones públicas se concederán de forma discrecional a las personas ajenas al Cuerpo de la Policía Local de A Coruña o entidades públicas o privadas que por su actividad profesional o docente destacasen en el estudio, promoción, dignificación, colaboración y apoyo a la función de la Policía Local.*

Así mesmo, poderanse entregar felicitacións públicas a membros do Corpo da Policía Local da Coruña pola realización de actividades fóra da actividade profesional que destacasen no estudo, promoción, dignificación, colaboración e apoio á función da Policía Local.

*Asimismo, se podrán entregar felicitaciones públicas a miembros del Cuerpo de la Policía Local de A Coruña por la realización de actividades fuera de la actividad profesional que destacasen en el estudio, promoción, dignificación, colaboración y apoyo a la función de la Policía Local.*

**Artigo 9. Distincións á permanencia no servizo**

***Artículo 9. Distinciones a la permanencia en el servicio***

1.- As distincións á permanencia no servizo entregaránselles anualmente aos/ás policías locais, calquera que sexa a súa categoría, cando cumpran os seguintes anos de servizo efectivamente prestados no Corpo da Policía Local da Coruña, no ano anterior á convocatoria:

*que consideramos que es emergente y que ya está traccionando la economía de esta ciudad guiado por profesionales, por académicos, académicas y por empresas que son punteras en el sector.*

En canto ós estatutos, lamentamos en realidade a demora que se produce na constitución desta sociedade. É a segunda vez que debatemos estes estatutos, con todo entendemos, certamente, que esta demora non se debe á mala fe de ningunha das partes, senón máis ben a problemas derivados dos tempos propios de cada institución implicada.

*En cuanto a los estatutos, lamentamos en realidad la demora que se produce en la constitución de esta sociedad. Es la segunda vez que debatimos estos estatutos, con todo entendemos, ciertamente, que esta demora no se debe a la mala fe de ninguna de las partes, sino más bien a problemas derivados de los tiempos propios de cada institución implicada.*

Animamos, iso si, o Concello a colaborar activamente coa Universidade da Coruña e co equipo reitoral que preside o señor Ricardo Cao no impulso desta iniciativa, así como na negociación con outras administracións públicas, nomeadamente coa Xunta de Galicia para que se implique no impulso do proxecto en exercicio das súas competencias de fomento do desenvolvemento económico de Galiza, pero tamén ó Ministerio de Defensa para que chegue a un acordo para a cesión satisfactoria dos terreos ás administracións públicas interesadas, como fixo coa fábrica de armas de La Vega en Oviedo, por exemplo.

*Animamos, eso sí, al Ayuntamiento a colaborar activamente con la Universidade da Coruña y con el equipo rectoral que preside el señor Ricardo Cao en el impulso de esta iniciativa, así como en la negociación con otras administraciones públicas, especialmente con la Xunta de Galicia para que se implique en el impulso del proyecto en ejercicio de sus competencias de fomento del desarrollo económico de Galicia, pero también al Ministerio de Defensa para que llegue a un acuerdo para la cesión satisfactoria de los terrenos a las administraciones públicas interesadas, como hizo con la fábrica de armas de La Vega en Oviedo, por ejemplo.*

**Ás once horas e oito minutos sae do Salón de Sesións a señora Veira González.**

***A las once horas y ocho minutos sale del Salón de Sesiones la señora Veira González.***

En canto á nova redacción dos estatutos da Cidade das TIC, por unha banda a consideramos apropiada. A simplificación da redacción, nomeadamente no que ten que ver coa eliminación a referencias a obrigas ou dereitos establecidos xa legalmente, pero tamén coa eliminación de certas previsións que parecía exceder do ámbito propio dos estatutos dunha sociedade, como é o caso do dominio web e, en fin,

*En cuanto a la nueva redacción de los estatutos de la Ciudad de las TIC, por una parte la consideramos apropiada. La simplificación de la redacción, concretamente en lo que se refieere a la eliminación a referencias a obligaciones o derechos establecidos ya legalmente, pero también con la eliminación de ciertas previsiones que parecía exceder del ámbito propio de los estatutos de una sociedad, como es el caso del dominio web y, en fin,*

digamos que pulir o obxecto social para adecualo, por exemplo, á titularidade do inmóbel. Esta proposta, por certo, xa fora indicada nas alegacións ós anteriores estatutos por parte da veciñanza, a quen agradecemos sempre a súa colaboración e a implicación.

*digamos que pulir el objeto social para adecuarlo, por ejemplo, a la titularidad del inmueble. Esta propuesta, por cierto, ya había sido indicada en las alegaciones a los anteriores estatutos por parte del vecindario, a quien agradecemos siempre su colaboración y la implicación.*

Por outra banda, tamén consideramos máis axeitada a regulación que se lle dá ó Consello Asesor nestes novos estatutos, que pasa a ter carácter potestativo, é dicir, non é un órgano obrigatorio e cuxos membros serán nomeados en exclusiva por administracións públicas.

*Por otra parte, también consideramos más adecuada la regulación que se le dá al Consejo Asesor en estos nuevos estatutos, que pasa a tener carácter potestativo, es decir, no es un órgano obligatorio y cuyos miembros serán nombrados en exclusiva por administraciones públicas.*

Da mesma maneira, consideramos beneficiosa a determinación da forma de administración da sociedade a través dun consello de administración e, por suposto, igual que sinalou o señor Lage, consideramos que o artigo 8 dos estatutos en que se estabrece unha regra de que só poderán adquirir participacións administracións públicas, é un acerto. Así mesmo vemos con bos ollos a protección dos intereses do socio minoritario, a Universidade da Coruña, en materias que lles afectan directamente e nos cales a Universidade ten un coñecemento técnico máis profundo, como son as cuestións académicas ou científicas.

*De la misma manera, consideramos beneficiosa la determinación de la forma de administración de la sociedad a través de un consejo de administración y, por supuesto, igual que señaló el señor Lage, consideramos que el artículo 8 de los estatutos en que se establece una regla de que solo podrán adquirir participaciones administraciones públicas, es un acierto. Asimismo vemos con buenos ojos la protección de los intereses del socio minoritario, la Universidade da Coruña, en materias que les afectan directamente y en los cuales la Universidad tiene un conocimiento técnico más profundo, como son las cuestiones académicas o científicas.*

Finalmente, cremos que resultan acertadas as observacións realizadas polo Secretario Xeral de que primeiro sería máis aconsellable prever a presencia dun asesor xurídico no Consello de Administración e, segundo, que o representante municipal no Consello de Administración da Sociedade sexa nomeado pola Xunta de Goberno deste concello.

*Finalmente, creemos que resultan acertadas las observaciones realizadas por el Secretario General de que primero sería más aconsejable prever la presencia de un asesor jurídico en el Consejo de Administración y, segundo, que el representante municipal en el Consejo de Administración de la Sociedad sea nombrado por la Junta de Gobierno de este ayuntamiento.*

Non teño máis que engadir, gracias.

*No tengo más que añadir, gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señor Soto.

Turno para o Partido Popular, señor Lorenzo.

**Ás once horas e dez minutos sae do Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas.**

***Señor Lorenzo Torres***

*Grazas, señora alcaldesa.*

*Ben, vanme permitir que empece a miña intervención emendándome a min mesmo. Eu antes, na miña primeira intervención, dixen que das 600 propostas que presentara no seu día o Partido Popular só atendeuse unha. Hoxe vexo que tras o anuncio que fixo o señor portavoz, Lage Tuñas, de que ían conxelar os impostos, polo menos van atender unha segunda petición do Partido Popular. Nós isto levámolo pedindo, pedímolo o ano pasado. Vostedes o ano pasado subiron os impostos un 3 %. Parécenos lóxico que os conxelen, mesmo nos parecería tamén positivo que os rebaixasen porque total ao final estes impostos o único que fan é recadar e se se recada o diñeiro, pero non se executa o orzamento, para que queren vostedes recadar máis, se non son capaces de executar nin sequera o que ingresan? Co cal, naquel momento que vostedes a nós chamáronnos que eramos populistas por querer conxelar os impostos, creo que hoxe vostede converteume a min tamén nun progresista porque vostede, como di, vai tomar unha medida que lle pediu o Partido Popular.*

*Dito isto, imos falar da Cidade das TIC, deste proxecto estratéxico que hai un ano vostedes presentaron aquí, presentaron neste concello para aprobar e que un ano despois estamos no punto de partida. E faime graza escoitarlle a vostede, señor*

*Muchas gracias, señor Soto.*

*Turno para el Partido Popular, señor Lorenzo.*

***A las once horas y diez minutos sale del Salón de Sesiones el señor Jorquera Caselas.***

**Señor Lorenzo Torres**

Gracias, señora alcaldesa.

Bueno, me van a permitir que empiece mi intervención enmendándome a mí mismo. Yo antes, en mi primera intervención, dije que de las 600 propuestas que había presentado en su día el Partido Popular solo se había atendido una. Hoy veo que tras el anuncio que ha hecho el señor portavoz, Lage Tuñas, de que iban a congelar los impuestos, al menos van a atender una segunda petición del Partido Popular. Nosotros esto lo llevamos pidiendo, lo pedimos el año pasado. Ustedes el año pasado subieron los impuestos un 3 %. Nos parece lógico que los congelen, incluso nos parecería también positivo que los rebajaran porque total al final estos impuestos lo único que hacen es recaudar y si se recauda el dinero, pero no se ejecuta el presupuesto, ¿para qué quieren ustedes recaudar más, si no son capaces de ejecutar ni siquiera lo que ingresan? Con lo cual, en aquel momento que ustedes a nosotros nos llamaron que éramos populistas por querer congelar los impuestos, creo que hoy usted me ha convertido a mí también en un progresista porque usted, como dice, va a tomar una medida que le ha pedido el Partido Popular.

Dicho esto, vamos a hablar de la Ciudad de las TIC, de este proyecto estratégico que hace un año ustedes presentaron aquí, presentaron en este concello para aprobar y que un año después estamos en el punto de partida. Y me hace gracia escucharle a

*Lage, que dicía: isto é produto do diálogo, de falar coa Universidade, de atender as peticións coa Universidade que nos fixeron. Que pasa? hai un ano, cando vostedes trouxeron estes estatutos non os dialogaban ou non os acordaban coa Universidade? Isto é un exemplo máis da falta de diálogo que ten este goberno municipal? Porque mire, levamos un ano, un ano nun proxecto estratéxico, un ano de atraso para modificar uns estatutos que, como advertimos no seu momento, e ten aí vostede as miñas intervencións, nós atopamos que había fallos, que había defectos.*

usted, señor Lage, que decía: esto es producto del diálogo, de hablar con la Universidad, de atender las peticiones con la Universidad que nos hicieron. ¿Qué pasa? hace un año, cuando ustedes trajeron estos estatutos ¿no los habían dialogado o no los habían consensuado con la Universidad? ¿Esto es un ejemplo más de la falta de diálogo que tiene este gobierno municipal? Porque mire, llevamos un año, un año en un proyecto estratégico, un año de retraso para modificar unos estatutos que, como advertimos en su momento, y tiene ahí usted mis intervenciones, nosotros encontramos que había fallos, que había defectos.

*Ao final tiñamos razón, pero levamos, por suposto, un ano de atraso. Como vostede dixo antes, unha oportunidade perdida.*

Al final teníamos razón, pero llevamos, por supuesto, un año de retraso. Como usted dijo antes, una oportunidad perdida.

*Imos ver, cambian vostedes o obxecto social. É verdade que pasan desa política de facer algo ao vou facer, imos impulsar, imos exercitar accións, imos convidar. Agora xa non son vostedes os propios executores, a propia sociedade.*

Vamos a ver, cambian ustedes el objeto social. Es verdad que pasan de esa política de hacer algo al voy a hacer, vamos a impulsar, vamos a ejercitar acciones, vamos a invitar. Ahora ya no son ustedes los propios ejecutores, la propia sociedad.

*Cambian vostedes o órgano de administración por un consello de administración, o cal nos parece ben, aínda que nos gustaría saber se nese consello de administración van vostedes a dar algún dos cargos da administración a algún membro da oposición, porque realmente a Sociedade non é o Goberno municipal, é o Concello quen ten o 51 % do capital social. Eu imaxínome que a oposición terá no Consello de Administración algún posto, pero bo, ata o de agora non nolo dixeron.*

Cambian ustedes el órgano de administración por un consejo de administración, lo cual nos parece bien, aunque nos gustaría saber si en ese consejo de administración van ustedes a dar alguno de los cargos de la administración a algún miembro de la oposición, porque realmente la Sociedad no es el Gobierno municipal, es el Ayuntamiento quien tiene el 51 % del capital social. Yo me imagino que la oposición tendrá en el Consejo de Administración algún puesto, pero bueno, hasta ahora no nos lo han dicho.

*E tamén van facer unha serie de modificacións en canto ao dereito de veto por parte da Universidade, aínda que teñamos o 51 % e a maioría do capital social existe un dereito de veto que antes non existía, e algúns temas máis.*

Y también van a hacer una serie de modificaciones en cuanto al derecho de veto por parte de la Universidad, aunque tengamos el 51 % y la mayoría del capital social existe un derecho de veto que antes no existía, y algunos temas más.

**Ás trece horas e trece minutos entra no salón de Sesións a señora Veira González.**

*Pero mire, eu gustaríame saber que hai do plan director da Cidade das TIC, porque como estamos a falar dun proxecto, dun proxecto, como dixo vostede, obxectivo prioritario para a alcaldesa, pois a día de hoxe, despois deste ano de compás de espera atopámonos no punto de partida, aínda non sabemos nada do plan director, aínda non sabemos nada dos fondos, do financiamento do Estado, daqueles 43 millóns dos fondos Next Generation que ían investirse na Cidade das TIC. O único que estamos a facer nós é pagándolle ao Estado o canon polo alugueiro, 260.000 € anuais. Tampouco sabemos nada dese financiamento municipal. Falaban vostedes de 13,1 millóns de euros para a Cidade das TIC, non sabemos se entran ou non no orzamento.*

*Pero gústame ese diálogo que teñen coa Universidade, gústame que ao final vostedes volvan á senda deste diálogo que creo que é necesario, e dígolle por que. Está pendente aí un modificativo número 5. Nós propuxéramos nunha das alegacións que lle pagasen vostedes á Universidade toda a débeda que teñen polos accesos e subministracións. Acórdanse vostedes que una das apostas da alcaldesa, Inés Rey, era poñer 3 millóns de euros para a Universidade, para os accesos e subministracións? Ata o de agora, ata o de agora, vostedes só propuxeron pagar 1 millón de euros, faltan 2 millóns de euros que lle deben vostedes á Universidade, que nós na nosa alegación ao M5 pedimos que se inclúan.*

*Entón, a ver se froito deste diálogo atenden vostedes á petición da Universidade porque as obras xa están feitas, as obras xa están pagas pola*

***A las trece horas y trece minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Veira González.***

Pero mire, yo me gustaría saber qué hay del plan director de la Ciudad de las TIC, porque como estamos hablando de un proyecto, de un proyecto, como dijo usted, objetivo prioritario para la alcaldesa, pues a día de hoy, después de este año de *impasse* nos encontramos en el punto de partida, aún no sabemos nada del plan director, aún no sabemos nada de los fondos, de la financiación del Estado, de aquellos 43 millones de los fondos Next Generation que iban a invertirse en la Ciudad de las TIC. Lo único que estamos haciendo nosotros es pagándole al Estado el canon por el alquiler, 260.000 € anuales. Tampoco sabemos nada de esa financiación municipal. Hablaban ustedes de 13,1 millones de euros para la Ciudad de las TIC, no sabemos si entran o no en el presupuesto.

Pero me gusta ese diálogo que tienen con la Universidad, me gusta que al final ustedes vuelvan a la senda de este diálogo que creo que es necesario, y se lo digo por qué. Está pendiente ahí un modificativo número 5. Nosotros habíamos planteado en una de las alegaciones que le pagaran ustedes a la Universidad toda la deuda que tienen por los accesos y suministros. ¿Se acuerdan ustedes que una de las apuestas de la alcaldesa, Inés Rey, era poner 3 millones de euros para la Universidad, para los accesos y suministros? Hasta ahora, hasta ahora, ustedes solo han propuesto pagar 1 millón de euros, faltan 2 millones de euros que le deben ustedes a la Universidad, que nosotros en nuestra alegación al M5 pedimos que se incluyan.

Entonces, a ver si fruto de este diálogo atienden ustedes a la petición de la Universidad porque las obras ya están hechas, las obras ya están pagadas por la

*Universidade. Son vostedes morosos da Universidade nesas cantidades.*

*E dito isto, isto é un plan estratéxico, un plan estratéxico que depende de vostede, como todos os plans estratéxicos desta cidade, que nos preocupa. Porque, xa digo, cando estamos a falar da Cidade das TIC, un ano de atraso, para modificar uns estatutos, para constituír unha sociedade. Hai un ano que se aprobou e a día de hoxe segue sen se constituír.*

*Se falamos da Aesia non sei se me poden dicir nada. Hai dous anos que (...) de caducidade e non sabemos nada. Do Plan Estratéxico 2030-2050 todos sabemos o que pasou coa señora Pardo de Vera. Do Mundial 2023, de verdade, eu xa dixen que se estaba en mans o proxecto estratéxico do señor Lage Tuñas, non imos ter Mundial, fixo.*

*Da reordenación do sector institucional, estamos a esperar aínda a día de hoxe a súa chamada. Da urbanización dos Cantóns, que iso tamén é plan estratéxico seu, estamos a esperar. Aumentaron vostedes o prezo antes da licitación.*

*O transporte público. Falou vostede antes que había que pagar o bus. Sabe canto lle deben a día de hoxe ao bus urbano? Máis de 9 millóns de euros. Sabe canto lle van a deber a final de ano? Máis que 15 millóns de euros débenlle vostedes ao bus urbano desta cidade* **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** *á empresa que xestiona o bus urbano, que tiña que licitarse o contrato, estratéxico, antes do 31 de decembro, que o saben vostedes desde hai 5 anos que están a gobernar e a día de hoxe nin está nin se lle espera a ese contrato.*

*Entón, que quere que lle diga? Eu creo*

Universidad. Son ustedes morosos de la Universidad en esas cantidades.

Y dicho esto, esto es un plan estratégico, un plan estratégico que depende de usted, como todos los planes estratégicos de esta ciudad, que nos preocupa. Porque, ya digo, cuando estamos hablando de la Ciudad de las TIC, un año de retraso, para modificar unos estatutos, para constituir una sociedad. Hace un año que se aprobó y a día de hoy sigue sin constituir.

Si hablamos de la Aesia no sé si me pueden decir nada. Hace dos años que (...) de caducidad y no sabemos nada. Del Plan Estratégico 2030-2050 todos sabemos lo que pasó con la señora Pardo de Vera. Del Mundial 2023, de verdad, yo ya dije que si estaba en manos el proyecto estratégico del señor Lage Tuñas, no vamos a tener Mundial, fijo.

De la reordenación del sector institucional, estamos esperando aún a día de hoy su llamada. De la urbanización de los Cantones, que eso también es plan estratégico suyo, estamos esperando. Aumentaron ustedes el precio antes de la licitación.

El transporte público. Habló usted antes que había que pagar el bus. ¿Sabe cuánto le deben a día de hoy al bus urbano? Más de 9 millones de euros. ¿Sabe cuánto le van a deber a final de año? Más que 15 millones de euros le deben ustedes al bus urbano de esta ciudad ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** a la empresa que gestiona el bus urbano, que tenía que licitarse el contrato, estratégico, antes del 31 de diciembre, que lo saben ustedes desde hace 5 años que están gobernando y a día de hoy ni está ni se le espera a ese contrato.

Entonces, ¿qué quiere que le diga? Yo creo

*que cando vostedes falan dun plan estratéxico e o exemplo é o que nos están dando hoxe, cando tardan un ano, un ano, en rectificar uns estatutos, mal imos, mal imos, señor Lage. E desde logo, o que non pode pivotar esta cidade é nun só concelleiro que ten o 80 % das competencias, que ten sobre si todos os plans estratéxicos e, xa digo, non hai ningún que con vostede saia adiante.*

*Grazas pola súa atención.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Lorenzo.

Señor Lage, ten a palabra.

**Ás once horas e dezasete minutos entra no Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas.**

**Señor Lage Tuñas**

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Bueno, señor Soto, coñece o tema, sabe o traballo que levamos facendo. Agradézcolle a súa intervención, agora farei algunha aportación construtiva, de futuro, ademais, sobre o que xa temos falado ó redor da colaboración coa Universidade da Coruña, pero permítame uns breves momentos para aclararlle ó señor Lorenzo algúns datos, non?

Señor Lorenzo, o diálogo coa Universidade da Coruña se produxo co anterior equipo e con este, se non, non estariamos hoxe traendo ó Pleno ó mesmo tempo que o Consello de Goberno, é dicir, non existe unha casualidade, hai un diálogo franco, nós respectamos os tempos e as decisións doutras institucións e, por certo, o que facemos, facémolo non solo coas garantías, senón co informe que no seu momento emiteu o propio Secretario

que cuando ustedes hablan de un plan estratégico y el ejemplo es el que nos están dando hoy, cuando tardan un año, un año, en rectificar unos estatutos, mal vamos, mal vamos, señor Lage. Y desde luego, lo que no puede pivotar esta ciudad es en un solo concejal que tiene el 80 % de las competencias, que tiene sobre sí todos los planes estratégicos y, ya digo, no hay ninguno que con usted salga adelante.

Gracias por su atención.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Lorenzo.*

*Señor Lage, tiene la palabra.*

***A las once horas y diecisiete minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Jorquera Caselas.***

***Señor Lage Tuñas***

*Muchas gracias, señora alcaldesa.*

*Bueno, señor Soto, conoce el tema, sabe el trabajo que llevamos haciendo. Le agradezco su intervención, ahora haré alguna aportación constructiva, de futuro, además, sobre lo que ya hemos hablado acerca de la colaboración con la Universidade da Coruña, pero permítame unos breves momentos para aclararle al señor Lorenzo algunos datos, ¿no?*

*Señor Lorenzo, el diálogo con la Universidade da Coruña se produjo con el anterior equipo y con este, si no, no estaríamos hoy trayendo al Pleno al mismo tiempo que el Consejo de Gobierno, es decir, no existe una casualidad, hay un diálogo franco, nosotros respetamos los tiempos y las decisiones de otras instituciones y, por cierto, lo que hacemos, lo hacemos no solo con las garantías, sino con el informe que en su momento emitió el propio Secretario General del Pleno. Por*

Xeral do Pleno. Polo tanto, que se melloren os estatutos, que a Universidade propoña cambios e que nós falemos coa Universidade para mellorar esos estatutos, evidentemente, supoño que é, entra dentro da lóxica e da normalidade. Non percibín de fondo que vostede tivera diferencias ou opinións destacables ó respecto, o que lle falta é, supoño que é información.

*lo tanto, que se mejoren los estatutos, que la Universidad proponga cambios y que nosotros hablemos con la Universidad para mejorar esos estatutos, evidentemente, supongo que es, entra dentro de la lógica y de la normalidad. No percibí de fondo que usted tuviera diferencias u opiniones destacables al respecto, lo que le falta es, supongo que es información.*

A obra non está finalizada, primeiro, co cal creo que primeiro de emitir unha valoración debería de asegurarse do que di. O Concello está en colaboración coa Universidade a tódolos niveles e o Concello fai o mesmo que fixo co novo CHUAC: libra fondos contra as certificacións. Bueno, no caso do novo CHUAC non as pode librar porque non as hai, esa é a diferencia. No caso da Universidade, si. Polo tanto, xa lle anuncio que temos un acordo coa Universidade para dar un paso máis e seguir librando fondos, pero non é hoxe o día. Traeremos aquí, como corresponde, a proposta para seguir librando fondos en función das certificacións que hai ata a data.

*La obra no está finalizada, primero, con lo cual creo que primero de emitir una valoración debería de asegurarse de lo que dice. El Ayuntamiento está en colaboración con la Universidad a todos los niveles y el Ayuntamiento hace lo mismo que hizo con el nuevo CHUAC: libra fondos contra las certificaciones. Bueno, en el caso del nuevo CHUAC no las puede librar porque no las hay, esa es la diferencia. En el caso de la Universidad, sí. Por lo tanto, ya le anuncio que tenemos un acuerdo con la Universidad para dar un paso más y seguir librando fondos, pero no es hoy el día. Traeremos aquí, como corresponde, la propuesta para seguir librando fondos en función de las certificaciones que hay hasta la fecha.*

O compromiso que estableceu a alcaldesa en máis de 3 millóns de euros non solo está vixente, é dicir, está renovado e ampliado e nese sentido xa lle adianto que estamos traballando coa Universidade en un convenio plurianual, un convenio plurianual de financiamento que permita darlle un impulso notable a moitas accións conxuntas entre a Universidade da Coruña e o Concello. Polo tanto, non só é que haxa un compromiso con eses 3 millóns de euros, senón que estamos traballando para, rematado as obras de urbanización e presentadas tódalas certificacións, o Concello librará tódolos fondos na medida en que haxa certificacións, que xa as está habendo, xa lle estou dicindo que ademais hai un traballo conxunto, se vai a reunir

*El compromiso que estableció la alcaldesa en más de 3 millones de euros no solo está vigente, es decir, está renovado y ampliado y en ese sentido ya le adelanto que estamos trabajando con la Universidad en un convenio plurianual, un convenio plurianual de financiación que permita darle un impulso notable a muchas acciones conjuntas entre la Universidade da Coruña y el Ayuntamiento. Por lo tanto, no solo es que haya un compromiso con esos 3 millones de euros, sino que estamos trabajando para, finalizado las obras de urbanización y presentadas todas las certificaciones, el Ayuntamiento librará todos los fondos en la medida en que haya certificaciones, que ya las está habiendo, ya le estoy diciendo que además hay un trabajo conjunto, se va a reunir*

proximamente a Comisión de Seguemento, e polo tanto, hai un traballo diario, diario. Os resultados, unhas veces tardan máis, outras tardan menos, pero non hai nada que esté parado.

*próximamente la Comisión de Seguimiento, y por lo tanto, hay un trabajo diario, diario. Los resultados, unas veces tardan más, otras tardan menos, pero no hay nada que esté parado.*

Polo tanto, poden darlle conta diso. Quero dicir, outras administracións nas que vostedes teñen posicións de goberno e reitérolle que ademais estamos traballando moi ben coa propia Administración autonómica no terreo de fortalecer o tecido empresarial tecnolóxico e nese sentido creo que hai unha boa colaboración entre o Goberno que preside Inés Rey e o Goberno da Xunta de Galicia. Cando somos críticos con algo, decímolo, pero cando hai unha entente que funciona, tamén o dicimos, non temos ningún problema en dicilo, e eu creo que eso o pon a vostede... é dicir, debería de alinearse porque o seu discurso casa pouco co que estamos a facer entre administracións.

*Por lo tanto, pueden darle cuenta de eso. Quiero decir, otras administraciones en las que ustedes tienen posiciones de gobierno y le reitero que además estamos trabajando muy bien con la propia Administración autonómica en el terreno de fortalecer el tejido empresarial tecnológico y en ese sentido creo que hay una buena colaboración entre el Gobierno que preside Inés Rey y el Gobierno de la Xunta de Galicia. Cuando somos críticos con algo, lo decimos, pero cuando hay una entente que funciona, también lo decimos, no tenemos ningún problema en decirlo, y yo creo que eso lo pone a usted... es decir, debería de alinearse porque su discurso casa poco con lo que estamos haciendo entre administraciones.*

Claro que tomamos, claro que tomamos ese camiño, e claro que vamos a ir pagándolle á Universidade e, polo tanto, se vostede considera que eso é que atendemos as súas propostas, pois benvido sexa. Nós non temos ningún problema por ter o *copyright* de tódalas iniciativas, agora, neste caso entenderá que esto da Cidade das TIC e do apoio, vostede chegou despois, pero non pasa nada, non pasa nada, podemos estar todos no mesmo. Non pasa nada, podemos estar todos no mesmo.

*Claro que tomamos, claro que tomamos ese camino, y claro que vamos la ir pagándole a la Universidad y, por lo tanto, si usted considera que eso es que atendemos sus propuestas, pues bienvenido sea. Nosotros no tenemos ningún problema por tener el copyright de todas las iniciativas, ahora, en este caso entenderá que esto de la Ciudad de las TIC y del apoyo, usted llegó después, pero no pasa nada, no pasa nada, podemos estar todos en lo mismo. No pasa nada, podemos estar todos en lo mismo.*

Solo aclorarlle que o Mundial non é 2023, é 2030.

*Solo aclararle que el Mundial no es 2023, es 2030.*

En calquera caso, creo que estamos diante dunha oportunidade de impulso á Cidade das TIC e polo tanto, eu quédome con iso. Creo que se pode falar de moitos asuntos e de ningún ó mesmo tempo. Creo que é pouco discutible que é un asunto de sumo interés para a cidade. Creo que todos

*En cualquier caso, creo que estamos ante una oportunidad de impulso a la Ciudad de las TIC y por lo tanto, yo me quedo con eso. Creo que se puede hablar de muchos asuntos y de ninguno al mismo tiempo. Creo que es poco discutible que es un asunto de sumo interés para la ciudad.*

debemos de volcarnos nese sentido e creo que é razonable o que apuntaba o concelleiro Soto do BNG en torno a que traballemos tamén co Estado para dar pasos nesa dirección tamén de dispoñer desos terreos da Cidade das TIC.

*Creo que todos debemos volcarnos en ese sentido y creo que es razonable lo que apuntaba el concejal Soto del BNG en torno a que trabajemos también con el Estado para dar pasos en esa dirección también de disponer de esos terrenos de la Ciudad de las TIC.*

Bueno, traballaremos conxuntamente como vimos facendo coa Universidade. Eu quero dicir que tuvemos unha magnífica colaboración co goberno anterior da Universidade que presidía Julio Abalde, cun secretario xeral que era Carlos Aymerich. Nesta..., nestes primeiros compases estamos tendo tamén un traballo moi intenso co novo equipo de Ricardo Cao e de Marta García e eu creo que esa debe de ser a liña de traballo entre as institucións e, polo tanto, quédome co positivo. Creo que despois, en fin, cuestións de regate, de regate corto, pois non dá.

*Bueno, trabajaremos conjuntamente como venimos haciendo con la Universidad. Yo quiero decir que tuvimos una magnífica colaboración con el gobierno anterior de la Universidad que presidía Julio Abalde, con un secretario general que era Carlos Aymerich. En esta..., en estos primeros compases estamos teniendo también un trabajo muy intenso con el nuevo equipo de Ricardo Cao y de Marta García y yo creo que esa debe de ser la línea de trabajo entre las instituciones y, por lo tanto, me quedo con lo positivo. Creo que después, en fin, cuestiones de regate, de regate corto, pues no da.*

E de todos xeitos saludo positivamente que vostede valore a decisión de que conxelemos os tributos municipais. Agardo que non sexa os únicos parabéns que nos dé. Vexo que tamén lle parece ben que impulsemos a Cidade das TIC e que non só satisfagamos ese compromiso da alcaldesa de máis de 3 millóns de euros, senón que xa lle anuncio que imos **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** —e remato, señora alcaldesa—, que imos a traballar para intentar ter un convenio plurianual coa Universidade da Coruña.

*Y de todos modos saludo positivamente que usted valore la decisión de que congelemos los tributos municipales. Espero que no sean las únicas felicitaciones que nos dé. Veo que también le parece bien que impulsemos la Ciudad de las TIC y que no solo satisfagamos ese compromiso de la alcaldesa de más de 3 millones de euros, sino que ya le anuncio que vamos* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *—y finalizo, señora alcaldesa—, que vamos a trabajar para intentar tener un convenio plurianual con la Universidade da Coruña.*

Nada máis e moitas grazas.

*Nada más y muchas gracias.*

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Moitas grazas, señor Lage.

*Muchas gracias, señor Lage.*

Remata o debate deste punto.

*Finaliza el debate de este punto.*

**<u>Votación do asunto número cinco</u>**

***<u>Votación del asunto número cinco</u>***

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número cinco relacionado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (12 votos)

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

**Presidencia**

Grazas a todos. Queda aprobado por unanimidade.

**Acordo**

**Primeiro.** Aprobar inicialmente a modificación dos Estatutos da Sociedade Xestora da Cidade das TIC, S.L., consonte ao texto que se achega co Código CSV 5C2D2653323D72200FPL.

**Segundo.**-Expoñer ao público este acordo xunto co texto dos Estatutos polo prazo dun mes para os efectos da formulación de observacións, suxestións ou alegacións que se estimen convenientes.

**Terceiro.** Facultar ao concelleiro delegado da Área de Economía e Planificación Estratéxica, tan amplamente como sexa posible en Dereito, para o impulso do procedemento e cumprimento dos trámites oportunos.

**Cuarto.** Notificar o presente acordo á Universidade da Coruña.

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número cinco relacionado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (12 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)*

***Presidencia***

*Gracias a todos. Queda aprobado por unanimidad.*

***Acuerdo***

***Primero.*** *Aprobar inicialmente la modificación de los Estatutos de la Sociedad Gestora de la Ciudad de las TIC, S.L., conforme al texto que se adjunta con el Código CSV 5C2D2653323D72200FPL.*

***Segundo.*** *Exponer al público este acuerdo junto con el texto de los Estatutos por el plazo de un mes a efectos de la presentación de observaciones, sugerencias o alegaciones que se estimen convenientes.*

***Tercero.*** *Facultar al concejal delegado del Área de Economía y Planificación Estratégica, tan ampliamente como sea posible en Derecho, para el impulso del procedimiento y cumplimiento de los trámites oportunos.*

***Cuarto.*** *Notificar el presente acuerdo a la Universidad de A Coruña.*

# ANEXO

## ESTATUTOS DA SOCIEDADE XESTORA DA CIDADE DAS TIC, S.L

*TÍTULO I. DENOMINACIÓN, OBXECTO, PERSONALIDADE XURÍDICA, MEDIO PROPIO, DURACIÓN E DOMICILIO SOCIAL* ........ *83*

Artigo 1. Denominación social ........ 83

Artigo 2. Obxecto social ........ 83

Artigo 3. Personalidade xurídica ........ 84

Artigo 4. Medio propio personificado ........ 84

Artigo 5. Duración ........ 84

Artigo 6. Domicilio social ........ 85

*TÍTULO II. CAPITAL SOCIAL E RÉXIME DE TRANSMISIÓN DAS PARTICIPACIÓNS* ........ *85*

Artigo 7. Capital social e participacións ........ 85

Artigo 8. Réxime de transmisión voluntaria das participacións ........ 85

*TÍTULO III. ÓRGANOS DA SOCIEDADE* ........ *85*

Artigo 9. Órganos da Sociedade ........ 85

*CAPÍTULO I. A XUNTA XERAL* ........ *85*

Artigo 10. Órgano de goberno ........ 85

Artigo 11. Facultades ........ 85

Artigo 12. Xunta Xeral ordinaria e extraordinaria ........ 86

Artigo 13. Convocatoria ........ 86

Artigo 14. Xunta universal ........ 87

Artigo 15. Celebración da Xunta ........ 87

Artigo 16. Representación nas xuntas xerais de socios ........ 87

Artigo 17. Constitución da Xunta Xeral ........ 87

Artigo 18. Dereito de voto e conflito de interese ........ 88

Artigo 19. Adopción de acordos ........ 88

Artigo 20. Actas ........ 89

*CAPÍTULO II. O CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN ........ 89*

Artigo 21. Órgano de administración ........ 89

Artigo 22. Composición e cargos ........ 89

Artigo 23. Facultades ........ 90

Artigo 24. Convocatoria ........ 91

Artigo 25. Celebración do Consello de Administración ........ 91

Artigo 26. Representación ........ 91

Artigo 27. Constitución ........ 92

Artigo 28. Voto ........ 92

Artigo 29. Adopción de acordos ........ 92

Artigo 30. Actas ........ 93

*CAPÍTULO III. A DIRECCIÓN XERAL OU XERENCIA ........ 93*

Artigo 31. Órgano executivo ........ 93

Artigo 32. Facultades ........ 93

Artigo 33. Delegación de facultades da Dirección Xeral ou Xerencia ........ 94

*CAPÍTULO IV. O CONSELLO ASESOR ........ 94*

Artigo 34. Órgano de asesoramento e de participación ........ 94

Artigo 35. Facultades ........ 94

*TÍTULO IV. RÉXIME ECONÓMICO, DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA SOCIEDADE ........ 95*

Artigo 36. Réxime aplicable ........ 95

*TÍTULO V. MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS ........ 95*

Artigo 37. Competencia e acordos ........................................................................ 95

*TÍTULO VI. RESOLUCIÓN DE CONFLITOS, HABILITACIÓN AOS ADMINISTRADORES E PROTECCIÓN DE DATOS* ........................................................................ *95*

Artigo 38. Resolución de conflitos ........................................................................ 95

Artigo 39. Habilitación aos administradores ........................................................................ 95

Artigo 40. Protección de datos persoais ........................................................................ 95

# TÍTULO I. DENOMINACIÓN, OBXECTO, PERSONALIDADE XURÍDICA, MEDIO PROPIO, DURACIÓN E DOMICILIO SOCIAL

## Artigo 1. Denominación social

Coa denominación social SOCIEDADE XESTORA DA CIDADE DAS TIC, S.L, constitúese unha sociedade mercantil interadministrativa, que adoptará a forma de sociedade de responsabilidade limitada, que se rexerá polos presentes estatutos, polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital (en diante, TRLSC), e polas demais disposicións legais que en cada momento lle foren aplicables.

## Artigo 2. Obxecto social

A Sociedade ten por obxecto a promoción e o impulso da Cidade das TIC, mediante a realización das seguintes actividades:

a) A promoción da participación da cidadanía no uso eficiente e sustentable das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC).
b) A realización de accións dirixidas á captación de financiamento cara a conservación, construción e rehabilitación das edificacións existentes na Cidade das TIC, situada na antiga Fábrica de Armas da Coruña, incluída a súa urbanización e mantemento.
c) A prestación de servizos de asesoramento para a promoción do sector TIC.
d) A elaboración, planificación e posta en marcha de estratexias relacionadas coa Cidade das TIC.
e) A promoción e o impulso de centros científicos e/ou tecnolóxicos na Cidade das TIC.
f) A promoción do emprendemento no sector das TIC, a través de accións de formación e outras actividades que coadxuven a esta finalidade.
g) A realización de accións de impulso cara a creación dun polo tecnolóxico TIC e de innovación dixital de referencia a nivel nacional e internacional que actúe como un demostrador de tecnoloxías emerxentes, de apoio ao tecido empresarial pola prestación servizos tecnolóxicos avanzados.
h) A difusión e promoción da Cidade das TIC entre as empresas que podan estar interesadas en instalarse na Cidade das TIC, a intermediación entre elas e a concesionaria da Fábrica de Armas e a facilitación de trámites encamiñados a dispor de espazos e instalacións.
i) A promoción da ocupación do tempo libre, mediante actividades na Cidade das TIC.
j) A promoción da cultura e equipamentos culturais na Cidade das TIC.
k) A difusión de información, coñecemento e boas prácticas, así como a prestación de servizos e o desenvolvemento de actividades orientadas ao fomento da innovación, o desenvolvemento tecnolóxico, a transferencia e o uso de tecnoloxías emerxentes para o funcionamento urbano.
l) A asunción de encargos das administracións públicas das que a Sociedade é medio propio conforme ao disposto no artigo 4 dos presentes Estatutos, para a xestión ou execución de servizos relacionados co obxecto social.

As actividades enumeradas nos precedentes parágrafos poderán ser desenvolvidas por esta sociedade de modo directo ou indirecto, total ou parcialmente, segundo a natureza do servizo ou actividade que cumpra desenvolver, e poderanse facer, así mesmo, mediante participación noutras sociedades con

obxecto idéntico ou análogo e a través de convenios de colaboración con outras entidades de carácter público ou privado.

**Artigo 3. Personalidade xurídica**

A Sociedade terá personalidade xurídica propia, unha vez inscrita no Rexistro Mercantil, e será capaz de exercitar toda clase de accións, adquirir e allear bens e contraer obrigas para o mellor desenvolvemento do seu obxecto social.

**Artigo 4. Medio propio personificado**

De acordo co artigo 32 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP), a Sociedade ten a consideración de medio propio personificado e servizo técnico do Concello da Coruña, da Universidade da Coruña e de calquera outra entidade ou institución pública que participe no seu capital social, así como das entidades do sector público dependentes de calquera delas que teñan a condición de poderes adxudicadores, de se cumprir os requisitos establecidos no artigo 32 da LCSP.

A Sociedade adquirirá a condición de medio propio personificado e servizo técnico das administracións públicas e as súas entidades dependentes a que se refire o parágrafo anterior, cando as ditas administracións públicas se convertan en partícipes da Sociedade. Así mesmo, a Sociedade é medio propio personificado e servizo técnico das entidades pertencentes ao sector público que non teñan a condición de poder adxudicador e poderán recibir os seus encargos, a condición de que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 33 da LCSP.

O Concello da Coruña, a través da concellaría competente, exercerá a tutela financeira da Sociedade.

Cada partícipe, conxuntamente cos demais partícipes, exercerá sobre a Sociedade un control análogo ao que exerce sobre os seus propios servizos. Este control poderá realizarse a través dos instrumentos que cada partícipe inclúa no encargo ou encomenda á Sociedade, e poderá impartir ordes para a mellor execución das actividades encargadas ou encomendadas, ben como solicitar a información que para tal fin se considerar necesaria. Así mesmo, este control dos partícipes sobre a Sociedade poderá realizarse conforme os dereitos que como socios lles corresponden nos termos establecidos legal e estatutariamente nos seus órganos decisorios, así como a través de calquera outro medio de control previsto na lexislación vixente.

**Artigo 5. Duración**

A duración da Sociedade será indefinida e dará comezo ás súas operacións o día do outorgamento da escritura de constitución.
O exercicio social termina, cada ano, o día 31 de decembro.

**Artigo 6. Domicilio social**

O domicilio social fíxase na Coruña, na avenida de Pedralonga 32, código postal 15009, Cidade das TIC, sito na antiga Fábrica de Armas da Coruña.

O Consello de Administración queda facultado para trasladalo dentro do mesmo termo municipal da devandita poboación, así como para crear, suprimir ou trasladar sucursais, axencias, representacións, delegacións ou oficinas da Sociedade, en calquera lugar do territorio nacional ou do estranxeiro.

## TÍTULO II. CAPITAL SOCIAL E RÉXIME DE TRANSMISIÓN DAS PARTICIPACIÓNS

### Artigo 7. Capital social e participacións

O capital da Sociedade é de seiscentos sesenta mil euros (660.000 €), e está dividido en mil (1.000,00) participacións sociais de seiscentos sesenta euros (660 €) euros de valor nominal cada unha delas, numeradas correlativamente do 1 ao 1000, ambas inclusive, acumulables e indivisibles.

O capital social está completamente subscrito e desembolsado polos socios fundadores, correspondendo o 51% das participacións ao Concello da Coruña e o 49% á Universidade da Coruña.

### Artigo 8. Réxime de transmisión voluntaria das participacións

A transmisión de participacións só poderá producirse entre administracións públicas e entidades do sector público institucional e deberá ser aprobada pola Xunta Xeral de Socios conforme ao disposto no artigo 19 destes Estatutos.

## TÍTULO III. ÓRGANOS DA SOCIEDADE

### Artigo 9. Órganos da Sociedade

O goberno, a dirección e a administración da Sociedade estarán a cargo dos seguintes órganos:

a) a Xunta Xeral, como órgano de goberno;
b) o Consello de Administración, como órgano de administración;
c) a Dirección/Xerencia, como órgano executivo.

## CAPÍTULO I. A XUNTA XERAL

### Artigo 10. Órgano de goberno

1. A Xunta Xeral é o órgano supremo do goberno da Sociedade.

2. Todos os socios, mesmo os disidentes e os ausentes, fican sometidos aos acordos validamente adoptados pola Xunta Xeral. Quedan a salvo os dereitos de separación e impugnación establecidos na lei.

### Artigo 11. Facultades

Corresponde á Xunta Xeral deliberar e acordar sobre os seguintes asuntos:

a) A aprobación das contas anuais, a aplicación do resultado e a aprobación da xestión social.
b) O nomeamento e separación dos administradores, dos liquidadores e, no seu caso, dos auditores de contas, así como o exercicio da acción social de responsabilidade contra calquera deles.
c) A modificación dos estatutos sociais.
d) O aumento e a redución do capital social.
e) A supresión ou limitación do dereito de subscrición preferente e de asunción preferente.
f) A transformación, a fusión, a escisión ou a cesión global de activo e pasivo e o traslado de domicilio ao estranxeiro.
g) A disolución da sociedade.
h) A aprobación do balance final de liquidación.
i) Calquera outros asuntos que determinen a lei ou os presentes Estatutos.

**Artigo 12. Xunta Xeral ordinaria e extraordinaria**

1. A Xunta Xeral pode reunirse en sesión ordinaria ou extraordinaria.

2. A Xunta Xeral reunirase en sesión ordinaria dentro dos seis primeiros meses de cada exercicio social para, no seu caso, aprobar a xestión social, as contas do exercicio anterior e resolver sobre a aplicación do resultado; poderá, así mesmo, tratar calquera outro asunto que se indique na orde do día.

3. Todas as demais sesión da Xunta Xeral terán a consideración de extraordinarias.

**Artigo 13. Convocatoria**

1. A Xunta Xeral ordinaria será convocada polo órgano de administración.

2. O órgano de administración convocará a Xunta Xeral sempre que o considere conveniente para os intereses sociais e, en todo caso, nas datas e períodos que determine o TRLSC e estes Estatutos.
3. O órgano de administración deberá convocar a Xunta Xeral cando o soliciten un ou varios socios/as que representen cando menos o cinco por cento do capital social, expresando na solicitude os asuntos que se tratarán nela.
Neste último caso, a xunta deberá ser convocada para ter lugar dentro dos dous meses seguintes á data en que se requirise notarialmente ao órgano de administración para convocala, debendo incluírse necesariamente na orde do día os asuntos que fosen obxecto da solicitude.

4. Se a Xunta Xeral ordinaria non fose convocada dentro do prazo establecido no artigo 10 destes Estatutos, poderá selo, a solicitude de calquera socio, previa audiencia do órgano de administración, polo/a Secretario/a xudicial ou polo/a rexistrador/a mercantil do domicilio social, seguíndose o establecido no TRLSC.

5. A Xunta Xeral convocarase por calquera procedemento de comunicación individual e escrita que asegure a recepción do anuncio por todos/as os/as socios/as no domicilio designado para tal efecto ou naquel que conste na documentación da Sociedade.

6. A convocatoria expresará o nome da Sociedade, a data e hora da reunión, a orde do día, na que figurarán os asuntos a tratar, e o cargo da persoa ou persoas que realicen a convocatoria.

**Artigo 14. Xunta universal**

A Xunta Xeral quedará validamente constituída para tratar calquera asunto, sen necesidade de convocatoria previa, sempre que estea presente ou representada a totalidade do capital social, e as persoas asistentes acepten, por unanimidade, a celebración da reunión.

**Artigo 15. Celebración da Xunta**

1. A Xunta Xeral realizarase no termo municipal da Coruña. Se na convocatoria non figurase o lugar de realización, entenderase que a xunta foi convocada para a súa realización no domicilio social.

2. Entre a convocatoria e a data sinalada para que teña lugar a Xunta deberá existir un prazo de polo menos 15 días, salvo que unha disposición legal esixa un prazo superior. Dito prazo computarase a partir da data en que se teña remitido o anuncio de convocatoria ao/á último/a dos/as socios/as.

3. Os/as socios poderán asistir á xunta por medios telemáticos que garantan debidamente a identidade do suxeito. En tal caso, na convocatoria describiranse os prazos, formas e modos de exercicio dos

dereitos dos/as socios/as. En particular, poderase determinar que as intervencións e propostas de acordos que teñan intención de formular quen vaia a asistir por medios telemáticos, se remitan á sociedade con anterioridade ao momento da constitución da xunta. As respostas aos socios ou os seus representantes que, asistindo de maneira telemática, exerciten o seu dereito de información durante a xunta produciranse durante a propia reunión ou por escrito durante os sete días seguintes á finalización da mesma.

4. Adicionalmente ao establecido no parágrafo anterior, poderanse celebrar xuntas exclusivamente telemáticas, nos termos establecidos no artigo 182 bis TRLSC.

**Artigo 16. Representación nas xuntas xerais de socios**

1. Todo/a socio/a poderá ser representado/a por calquera persoa, sexa socia ou non, nas xuntas xerais. Alén de polos medios establecidos no s eu caso pola lexislación aplicable, a representación poderá ser por escrito físico ou electrónico ou por calquera outro medio de comunicación a distancia que garanta debidamente a identidade do socio que a outorga. De non constar en documento público, deberá ser especial para cada xunta.

2. A representación é sempre revogable e entenderase automaticamente revogada pola presenza, física ou telemática, do/a socio/a na xunta ou polo voto a distancia emitido por el antes ou despois de outorgar a representación. En caso de se outorgaren varias representacións, prevalecerá a recibida en último lugar.

**Artigo 17. Constitución da Xunta Xeral**

1. O/a presidente/a e o/a secretario/a da Xunta Xeral serán os/as do Consello de Administración. No seu defecto, actuarán as persoas designadas polos/as socios/as ao comezo da reunión ou, de non existir acordo ao respecto, presidirá o/a socio/a de máis idade e será secretario/a o de menor idade.

2. Antes de entrar na orde do día, formarase a listaxe de asistentes, expresando o nome dos/as socios/as asistentes e o dos/as socios/as representados, así como o número de participacións propias ou alleas con que concorren e os votos que lles corresponden. Ao final da listaxe determinarase o número de socios presentes ou representados, o importe do capital de que sexan titulares e mais o número de votos que corresponde a cada un.
A listaxe de asistentes figurará ao comezo da acta da Xunta Xeral ou ben achegarase a ela por medio dun anexo.

3. Unha vez formada a listaxe de asistentes, o/a presidente/a da xunta, se así procede, declarará validamente constituída a Xunta e determinará se esta pode entrar na consideración de todos os asuntos incluídos na orde do día. Así mesmo, someterá á xunta, se for o caso, a autorización para a presenza nela doutras persoas.

4. Unha a sesión, darase lectura por parte do/a secretario/a dos puntos que integran a orde vez aberta do día e procederase a deliberar sobre eles.

**Artigo 18. Dereito de voto e conflito de interese**

1. Cada participación concede ao seu titular o dereito a emitir un voto.

2. O/a socio/a non poderá exercitar o dereito de voto correspondente ás súas participacións cando exista conflito de intereses por tratarse da adopción de acordos que teñan por obxecto os sinalados

no artigo 190 TRLSC. Neses casos, as participacións do/a socio/a deduciranse do capital social para o cómputo da maioría dos votos que en cada caso sexa necesaria.

3. Os/as socios/as poderán emitir o seu voto anticipadamente, remitíndoo por calquera medio de comunicación que garanta debidamente a identidade do socio que o emite, manifestando o sentido do voto separadamente sobre cada un dos puntos ou asuntos comprendidos na orde do día da xunta de que se trate. Caso de non facelo sobre algún ou algúns, entenderase que se abstén en relación con eles.

**Artigo 19. Adopción de acordos**

1. Os acordos adoitaranse por maioría de votos validamente emitidos, sempre que representen cando menos un terzo dos votos correspondentes ás participacións sociais en que se divida o capital social. Non se computarán os votos en branco.

2. Porén, ademais dos acordos recollidos na letra b) no artigo 199 TRLSC, requirirán unha maioría reforzada, de dous terzos dos votos correspondentes ás participacións en que se divida o capital social, os seguintes acordos:

a) a modificación destes Estatutos, sen prexuízo do disposto no parágrafo seguinte deste artigo;
b) a transformación, fusión, escisión ou disolución da Sociedade;
c) a modificación do número de conselleiros que integran o Consello de Administración;
d) o nomeamento do/a director/a xeral ou xerente/a da Sociedade.

3. En todo caso, os seguintes acordos requirirán o voto favorable correspondente ás participacións da Universidade da Coruña:

a) os acordos que polo seu obxecto teñan carácter ou implicación académica ou científica, entendida nos termos mais amplos referidos á docencia, a investigación, a transferencia e á divulgación científica;
b) as modificacións estatutarias que podan afectar a cuestións académicas ou científicas, entendidas as expresións no mesmo sentido que o sinalado no parágrafo anterior, ou aos poderes ou ás facultades da UDC recoñecidas nestes Estatutos;
c) os acordos sobre transmisión de participacións que impliquen a entrada de axentes de I+D+i na Sociedade;
d) os acordos sobre a participación na Cidade das TIC, calquera que sexa a forma en que se materialice, de persoas físicas ou xurídicas nas que podida concorrer conflito de intereses coa UDC, nomeadamente de axentes de I+D+i;
e) os acordos polos que se designen representantes da Sociedade en entidades de xestión, comités, consellos e organismos similares de carácter académico, científico ou técnico;
f) calquera outro acordo que poda afectar negativamente ao liderado académico, científico ou técnico da UDC na Cidade das TIC.

**Artigo 20. Actas**

1. Os acordos sociais deberán recollerse na acta da sesión, que terá que ser aprobada ao final da mesma ou, no seu defecto, dentro do prazo de quince días, polo/a presidente/a e dous/dúas socios/as interventores/as, un/ha en representación da maioría e outro/a da minoría.

2. O órgano de administración poderá requirir a presencia de notario para que levante acta da Xunta Xeral e estará obrigado a facelo sempre que, con cinco días de antelación ao previsto para a celebración da xunta, o soliciten os socios que representen, cando menos, o cinco por cento do

capital social. A acta notarial non se someterá a trámite de aprobación. Os honorarios notariais serán a cargo da Sociedade.

## CAPÍTULO II. O CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

### Artigo 21. Órgano de administración

O Consello de Administración é o órgano de administración da Sociedade e dispón de plenas facultades de dirección, xestión e execución respecto da mesma, dentro dos límites establecidos nestes Estatutos e conforme ao disposto no TRLSC.

### Artigo 22. Composición e cargos

1. O Consello de Administración estará composto por sete conselleiros. Este número pode ser ampliado por acordo da Xunta Xeral, ata un máximo de doce.

2. O primeiro presidente do Consello de Administración será o Reitor da Universidade da Coruña e a primeira vicepresidencia a ostentará o Concello da Coruña mediante a persoa designada pola Alcaldesa do dito Concello. Finalizado o exercicio social correspondente ao ano 2025, o Consello elixirá de entre os seus membros un/ha vicepresidente/a, garantindo a representación dos/as socios/as con participación maioritaria e minoritaria, correspondéndolle a Presidencia á persoa titular da Alcaldía do Concello da Coruña.

3. O/a presidente/a do Consello de Administración designará a un/ha secretario/a que, de non ter a condición de membro, asistirá ás reunións con voz e sen voto.

4. Asistirá ás xuntanzas do Consello de Administración, con voz pero sen voto, a persoa que ocupe a Intervención Xeral do Concello da Coruña e a que ocupe a Dirección/Xerencia da sociedade.

5. Os cargos de conselleiro/a no Consello de Administración non serán retribuídos, sen que se podan percibir retribucións ou indemnizacións por ningún concepto con cargo a Sociedade Xestora da Cidade das TIC, sen prexuízo dos acordos que os respectivos órganos das Administracións Públicas que conforman a Sociedade poidan adoptar en concepto de dietas, asistencias e indemnizacións.

### Artigo 23. Facultades

1. O Consello de Administración poderá levar a cabo todo canto estea comprendido dentro do obxecto social, así como exercitar cantas facultades non estean expresamente reservadas pola lei ou por estes Estatutos á Xunta Xeral.

2. A modo meramente enunciativo, corresponden ao Consello de Administración as seguintes facultades e todo canto con elas estiver relacionado:

a) Levar a sinatura e representación da Sociedade.
b) Dirixir e xestionar en toda a súa extensión os negocios da Sociedade e coidar da súa boa marcha, así como de todas as súas dependencias, propondo á Xunta Xeral aquelas medidas necesarias que mellor favorezan os intereses da mesma. Para este fin, trazará as normas de goberno e o réxime de administración da Sociedade, organizando e regulamentando os seus servizos, fixando os gastos e aprobando os cadros de persoal.

c) Decidir e levar a cabo as actuacións que sexan precisas para a consecución do obxecto social, entre eles: aceptar ou rexeitar negocios e operacións; realizar, contraer e autorizar todo xénero de actos, obrigas e contratos sobre calquera clase de bens e dereitos mediante os pactos que teña por conveniente; solicitar, explotar, adquirir e allear bens e negocios; fixar os prezos e condicións desas operacións; e realizar, en fin, en nome da Sociedade, con toda clase de persoas e entidades, cantos actos e contratos autorizaren as leis.
d) Asinar convenios de colaboración ou de subvención con entidades públicas ou privadas.
e) Dispor dos fondos sociais para aplicalos ás explotacións, á administración e á xestión dos negocios e operacións da Sociedade; determinar o investimento dos fondos dispoñibles e emprego e colocación das reservas.
f) Autorizar todo xénero de gastos da compañía e, moi especialmente, os xerais da súa administración e dirección; acordar canto se relacione coas instalacións, dependencias e oficinas da Sociedade.
g) Nomear e separar todo o persoal que depende da Sociedade, fixando as súas condicións e atribucións, soldos, comisións, incentivos, gratificacións e recompensas extraordinarias, sen prexuízo das facultades establecidas para a Xunta Xeral respecto do nomeamento da persoa que ocupe a dirección/xerencia.
h) Realizar toda clase de operacións bancarias, mesmo co Banco de España, e demais bancos oficiais e caixas de aforro.
i) Representar a Sociedade ante toda clase de autoridades, funcionarios, organismos e tribunais, exercitando cantas accións lle competan ou desistindo delas en calquera instancia, así como someter os asuntos en que se atope interesada a Sociedade a transaccións e amigables compoñedores, árbitros e dirimentes, aínda sen suxeición ás formalidades prescritas na Lei de axuizamento civil e na Lei de arbitraxe.
j) Participar en licitacións públicas e aceptar os encargos e encomendas de xestión que estimar conveniente con calquera ente público ou poder adxudicador.
k) Formular os inventarios, balances e contas que deban ser sometidas á Xunta Xeral e presentar anualmente a memoria do resultado do exercicio anterior, propondo no seu caso, a distribución de beneficios, amortizacións e constitución de fondos de reserva que estimar convenientes.
l) Resolver as dúbidas que xurdan na interpretación destes Estatutos e suplir provisionalmente as súas omisións dando conta á Xunta Xeral para que ela acorde o que estimar oportuno. Considerarase que estas resolucións constitúen parte integrante dos Estatutos, mentres a Xunta Xeral non acorde o contrario.
m) Para todos os efectos anteriores, subscribir e asinar cantos documentos públicos ou privados foren necesarios ou convenientes.
n) Conferir poderes, mesmo coas facultades de substitución e obtención de copias, e revogalos.
o) Elevar propostas de acordo á Xunta Xeral sobre asuntos da competencia desta.

**Artigo 24. Convocatoria**

1. O/a presidente/a convocará ao Consello de Administración cando o requira o interese da Sociedade e con carácter necesario dentro dos tres primeiros meses de cada exercicio para formular as contas do exercicio anterior e aprobación do informe de xestión.

2. Poderán convocar o Consello de Administración un terzo dos seus membros, indicando a orde do día, para a súa celebración na localidade onde radique o domicilio social, se, previa petición ao/á presidente/a, este/a sen causa xustificada non fixese a convocatoria no prazo dun mes.

3. A convocatoria realizarase por medio dun escrito, físico ou electrónico, cunha antelación mínima de tres días á data da reunión, en que se expresará o lugar, o día e a hora desta e mais a orde do día.

3. Non será necesaria a convocatoria cando, estando presentes ou representados, física ou telematicamente, todos/as os/as conselleiros/as, acepten por unanimidade constituírse en Consello de Administración, así como a orde do día deste.

**Artigo 25. Celebración do Consello de Administración**

1. O Consello realizarase no lugar indicado na convocatoria. Se nela non figurase o lugar de realización, entenderase que foi convocado para a súa realización no domicilio social.

2. A asistencia ao Consello poderá realizarse ben acudindo ao lugar en que vaia producirse a reunión ben, no seu caso, a outros lugares que se achen conectados con aquel por sistemas de videoconferencia ou outros medios telemáticos que permitan o recoñecemento e a identificación dos asistentes e a permanente comunicación entre eles.

3. Os asistentes consideraranse, para todos os efectos, como asistentes ao Consello e nunha única reunión que se entenderá realizada no lugar indicado na convocatoria ou, na súa ausencia, no domicilio social.

**Artigo 26. Representación**

1. Todo/a conselleiro/a poderá ser representado/a por calquera persoa, sexa socia ou non, nas xuntas xerais. Alén de polos medios establecidos no seu caso pola lexislación aplicable, a representación poderá ser por escrito físico ou electrónico ou por calquera outro medio de comunicación a distancia que garanta debidamente a identidade do/a conselleiro/a que a outorga. De non constar en documento público, deberá ser especial para cada Consello.

2. A representación é sempre revogable e entenderase automaticamente revogada pola presenza, física ou telemática, do/a conselleiro/a no Consello ou polo voto a distancia emitido por el antes ou despois de outorgar a representación. En caso de se outorgaren varias representacións, prevalecerá a recibida en último lugar.

**Artigo 27. Constitución**

O Consello de Administración quedará validamente constituído cando concorran, presentes ou representados/as, a metade máis un/ha dos/as conselleiros/as. En caso de número impar, a metade determinarase por defecto.

**Artigo 28. Voto**

1. Será válido o voto a distancia expresado por un/ha conselleiro/a en relación cunha reunión do Consello de Administración convocada e que vaia realizarse de modo presencial.

2. O devandito voto poderá expresarse, ademais de polos medios establecidos no seu caso, pola lexislación aplicable, por escrito, físico ou electrónico, ou por calquera outro medio de comunicación a distancia que garanta debidamente a identidade do/a conselleiro/a que o emite, dirixido ao presidente/a do Consello. O/a conselleiro/a deberá manifestar o sentido do seu voto sobre cada un dos asuntos comprendidos na orde do día do Consello de que se trate. Caso de non facelo sobre algún ou algúns, entenderase que se abstén en relación con eles.

3. O voto a distancia só producirá efectos se o Consello se constitúe validamente e deberá ser recibido polo Consello cunha antelación mínima de 24 horas en relación coa hora fixada para o comezo da reunión. Até ese momento o voto poderá revogarse ou modificarse. Pasado dito momento, o voto

emitido a distancia só poderá deixarse sen efecto pola presenza persoal, física ou telemática, do/a conselleiro/a na reunión.

**Artigo 29. Adopción de acordos**

1. Os acordos adoitaranse por maioría absoluta de votos dos/as asistentes. En caso de empate, decidirá o voto do/a presidente/a.

2. Requirirán unha maioría reforzada de dous terzos dos votos dos membros do Consello de Administración os seguintes acordos:

a) a proposta de modificación destes Estatutos, agás que afecten a cuestións recollidas no parágrafo seguinte;
b) a proposta de transformación, fusión, escisión ou disolución da Sociedade, para a súa elevación á Xunta Xeral;
c) a proposta de modificación do número de conselleiros que integran o Consello de Administración, para a súa elevación á Xunta Xeral;
d) a proposta de nomeamento do/a director/a xeral ou xerente/a da Sociedade, para a súa elevación á Xunta Xeral.

3. En todo caso, os seguintes acordos requirirán o voto favorable dos Conselleiros pertencentes á Universidade da Coruña:

a) os acordos que polo seu obxecto teñan carácter ou implicación académica ou científica, entendida nos termos mais amplos referidos á docencia, a investigación, a transferencia e á divulgación científica;
b) as modificacións estatutarias que podan afectar a cuestións académicas ou científicas, entendidas as expresións no mesmo sentido que o sinalado no parágrafo anterior, ou aos poderes ou ás facultades da UDC recoñecidas nestes Estatutos;
c) os acordos sobre transmisión de participacións que impliquen a entrada de axentes de I+D+i na Sociedade;
d) os acordos sobre a participación na Cidade das TIC, calquera que sexa a forma en que se materialice, de persoas físicas ou xurídicas nas que podida concorrer conflito de intereses coa UDC, nomeadamente de axentes de I+D+i;
e) os acordos polos que se designen representantes da Sociedade en entidades de xestión, comités, consellos e organismos similares de carácter académico, científico ou técnico;
f) calquera outro acordo que poda afectar negativamente ao liderado académico, científico ou técnico da UDC na Cidade das TIC.

**Artigo 30. Actas**

Os acordos do Consello de Administración deberán recollerse na acta da sesión, que terá que ser aprobada ao final da mesma ou ao inicio de seguinte.

## CAPÍTULO III. A DIRECCIÓN XERAL OU XERENCIA

**Artigo 31. Órgano executivo**

A Dirección Xeral ou Xerencia, nomeada pola Xunta Xeral, será o órgano executivo da Sociedade, encargada da dirección e administración activa da mesma.
A Dirección Xeral ou Xerencia asistirá, con voz pero sen voto, ás reunións da Xunta Xeral e do Consello de Administración.

**Artigo 32. Facultades**

Ademais das que en cada caso ou en forma xenérica lle encomende o Consello de Administración, a Dirección Xeral ou Xerencia terá as seguintes facultades:

a) Executar e facer cumprir os acordos do Consello de Administración.
b) Levar a representación da Sociedade en todos os actos administrativos, así como a correspondencia e a firma; con autorización plena para realizar cobros e pagos, retirar fondos depositados en calquera entidade bancaria, constituír e alzar depósitos e cantos actos sexan precisos para a marcha económica da sociedade, en función dos poderes conferidos polo Consello de Administración.
c) Vixiar a boa orde da contabilidade e demais dependencias da sociedade e estampar co seu visto e prace todas as ordes de pago.
d) Dirixir as obras e vixiar o coidado e conservación das instalacións da sociedade.
e) Como xefe de todo o persoal, vixiar o bo desenvolvemento dos cometidos dos/as empregados/as da Sociedade.
f) Representar á sociedade en xuízo e conferir poderes previa autorización do Consello de Administración.
g) Propoñer ao Consello o nomeamento e separación do persoal e executar os conseguintes acordos do Consello derivados destas cuestións.
h) Propoñer ao Consello de Administración cantas medidas considere oportunas para a boa marcha da sociedade.
i) Exercer todas as facultades e funcións que por delegación lle confira o Consello de Administración.
j) Calquera outra facultade recollida na lei ou nestes Estatutos.

**Artigo 33. Delegación de facultades da Dirección Xeral ou Xerencia**

A dirección xeral ou xerencia poderá delegar algunha das funcións sinaladas no artigo anterior no persoal da Sociedade, previa autorización da persoa que ocupe a presidencia do Consello de Administración.

## CAPÍTULO IV. O CONSELLO ASESOR

**Artigo 34. Órgano de asesoramento e de participación**

1. Para o mellor cumprimento do obxecto social, a Sociedade poderá constituír un Consello Asesor, que será o órgano consultivo e de participación na Sociedade.

2. Formarán parte do Consello Asesor persoas de recoñecida competencia no sector das TIC pertencentes ao sector público e entre elas:

a) Un conselleiro/a polo Instituto Galego de Promoción Económico (IGAPE) da Xunta de Galicia.
b) Un conselleiro/a pola Deputación Provincial da Coruña.
c) Un conselleiro/a pola Universidade da Coruña.
d) Un conselleiro/a polo Concello da Coruña.
e) Calquera outra persoa de recoñecida competencia no ámbito das TIC que sexa designado como membro polo Consello de Administración.

A pertenza ao Consello Asesor é incompatible coa condición de conselleiro/a do Consello de Administración da Sociedade.

3. A condición de membro do Consello Asesor non será retribuída e os membros non poderán percibir retribucións ou indemnizacións por ningún concepto.

**Artigo 35. Facultades**

1. Son facultades do Consello Asesor as seguintes:

a) Asesorar o Consello de Administración no desenvolvemento da planificación estratéxica da Cidade das TIC.
b) Asesorar e propor medidas no ámbito do sector das TIC que fomenten a creación, consolidación e mellora do tecido empresarial de Galicia.
c) Asesorar e propor medidas no ámbito do sector das TIC que fomenten a participación da cidadanía galega no sector.
d) Asesorar sobre liñas de axudas, captación de fondos europeos e calquera outra iniciativa que fomente o sector TIC en Galicia.
e) Asesorar, a petición do Consello de Administración, sobre calquera asunto que se someta á súa consideración.

2. Os datos e as informacións obtidos ou elaborados polo Consello Asesor no desempeño das súas funcións terán carácter reservado e confidencial e só poderán ser revelados ao Consello de Administración. Despois de cesar no cargo, os conselleiros asesores non poderán utilizar tales informacións mentres non sexan de coñecemento xeral.

3. Os membros do Consello Asesor non teñen responsabilidades legais sobre o devir da empresa e as decisións adoptadas.

**TÍTULO IV. RÉXIME ECONÓMICO, DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA SOCIEDADE**

**Artigo 36. Réxime aplicable**

O réxime económico da Sociedade a súa disolución e liquidación regularanse polo disposto no TRLSC.

**TÍTULO V. MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS**

**Artigo 37. Competencia e acordos**

A modificación dos Estatutos será competencia da Xunta Xeral, que adoptará os acordos, de ser o caso, coas maiorías reguladas no artigo 19 destes Estatutos.

## TÍTULO VI. RESOLUCIÓN DE CONFLITOS, HABILITACIÓN AOS ADMINISTRADORES E PROTECCIÓN DE DATOS

### Artigo 38. Resolución de conflitos

Sen prexuízo do dereito de impugnación dos acordos sociais, todas as cuestións litixiosas, controversias e reclamacións que puideren suscitarse entre a Sociedade e os/as socios/as, ou os/as socios/as entre si, derivadas da operativa social, resolveranse mediante arbitraxe de dereito a través da intervención dun ou tres árbitros, de acordo co procedemento previsto pola Lei 60/2003, do 23 de decembro, sobre arbitraxe, coa obriga de cumprir o laudo arbitral que se ditar.

### Artigo 39. Habilitación aos administradores

O órgano de administración está plenamente facultado para desenvolver o disposto nestes Estatutos e resolver as dúbidas que xurdan no seu cumprimento.

### Artigo 40. Protección de datos persoais

De conformidade co establecido na normativa vixente de protección de datos, os datos persoais dos/as socios/as e dos membros dos órganos da Sociedade serán tratados pola Sociedade e incorporados ao rexistro de actividades de tratamento creado pola Sociedade, coa finalidade de xestionar as obrigas e dereitos inherentes á súa condición, segundo o disposto na lei e os presentes Estatutos, e todos/as eles/as poderán exercitar os seus dereitos no domicilio social facendo uso dos medios que permitan acreditar a súa identidade. Os datos serán conservados durante o tempo que perdure a relación e posible esixibilidade de responsabilidades á Sociedade.

| CONCELLARÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA | *CONCEJALÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN Y VIVIENDA* |
|---|---|
| **ASUNTO 6** | ***ASUNTO 6*** |
| **128. Expediente 631/2021/246**<br>**Aprobación definitiva do Estudo de detalle para a reforma interior de parcela para a mellora da accesibilidade ao centro de atención a persoas con discapacidade (CAPD) María Mariño.** | ***128. Expediente 631/2021/246***<br>***Aprobación definitiva del Estudio de detalle para la reforma interior de parcela para la mejora de la accesibilidad al centro de atención a personas con discapacidad (CAPD) María Mariño.*** |
| Este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral en sesión celebrada o 4 de novembro de 2024, cos votos a favor dos grupos municipais dos Socialistas de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego, e a abstención do Grupo municipal do Partido Popular, | *Este asunto fue dictaminado favorablemente por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda, Planificación Urbana y Administración General en sesión celebrada el 4 de noviembre de 2024, con los votos a favor de los grupos municipales de los Socialistas de Galicia-PSOE y del Bloque Nacionalista Galego, y la abstención del Grupo municipal del Partido Popular,* |

propoñendo ó Pleno da Corporación a adopción dos acordos:

Primeiro. Aprobar definitivamente o documento denominado “Estudo de detalle para reforma interior de parcela para mellora da accesibilidade no Centro de Atención a Persoas con Discapacidade (CAPD), A Coruña. Agosto 2024”, promovido pola Consellería de Política Social, e asinado polo arquitecto José Luis Sánchez-Agustino Mariño, habilitado como colexiado número 2343 do COAG.

Segundo. Ordenar a realización dos trámites administrativos recollidos nos artigos 82 e 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e concordantes do regulamento de desenvolvemento desta, para procurar a entrada en vigor do estudo de detalle aprobado.

Terceiro. Notificar este acordo ao promotor do documento, aos Servizos e Departamentos municipais interesados na tramitación do expediente, e trasladar unha copia do documento aprobado, debidamente dilixenciado, á Dirección General de Aviación Civil.

**Intervencións**

**Presidencia**

Pasamos xa ó asunto número seis. Señor secretario.

**Señor Secretario**

Aprobación definitiva do Estudo de detalle para a reforma interior de parcela para a mellora da accesibilidade ao centro de atención a persoas con discapacidade (CAPD) María Mariño.

**Ás once horas e vinte e cinco minutos saen do Salón de Sesións os señores**

*proponiendo al Pleno de la Corporación a adopción de los acuerdos:*

*Primero. Aprobar definitivamente el documento denominado “Estudio de detalle para reforma interior de parcela para mejora de la accesibilidad en el Centro de Atención a Personas con Discapacidad (CAPD), A Coruña. Agosto 2024”, promovido por la Consellería de Política Social, y firmado por el arquitecto José Luis Sánchez-Agustino Mariño, habilitado cómo colegiado número 2343 del COAG.*

*Segundo. Ordenar la realización de los trámites administrativos recogidos en los artículos 82 y 88 de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del Suelo de Galicia, y concordantes del reglamento de desarrollo de esta, para procurar la entrada en vigor del estudio de detalle aprobado.*

*Tercero. Notificar este acuerdo al promotor del documento y a los Servicios y Departamentos municipales interesados en la tramitación del expediente, y trasladar una copia del documento aprobado, debidamente diligenciado, a la Dirección General de Aviación Civil.*

***Intervenciones***

***Presidencia***

*Pasamos ya al asunto número seis. Señor secretario.*

***Señor Secretario***

*Aprobación definitiva del Estudio de detalle para la reforma interior de parcela para la mejora de la accesibilidad al centro de atención a personas con discapacidad (CAPD) María Marino.*

***A las once horas y veinticinco minutos salen del Salón de Sesiones los señores***

**Soto Díaz e Rodríguez Martínez.**

**Presidencia**

Ben, ten a palabra o concelleiro de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda, señor Díaz Gallego, para expoñer o asunto e despois hai unha quenda de tres minutos por grupo.

Señor Díaz, ten a palabra.

***Señor Díaz Gallego***

*Grazas, señora alcaldesa.*

*Traemos hoxe a Pleno a aprobación definitiva do Estudo de detalle para a reforma interior da parcela para a mellora da accesibilidade no centro de atención ás persoas con discapacidade da Coruña, o coñecido como "María Mariño".*

*Se redacta o presente Estudo de detalle segundo o establecido pola Norma Zonal 8 do Plan Xeral da Coruña que esixe que os equipamentos e dotacións se adapten na súa tipoloxía á ordenación da zona na que se encadran e manteñan as condicións de composición urbanística acordes coa mesma, respectando e mantendo as aliñacións da súa mazá e dos seus lindes e o resto dos parámetros serán libres. En todo caso, o que engade esta norma zonal 8 é que para adaptar as condicións de edificación, os estándares e os programas correspondentes á lexislación específica mediante a realización terá que someterse á redacción dun estudo de detalle. O Estudo de detalle, por tanto, resulta preceptivo en cumprimento do establecido neste artigo do noso Plan Xeral, tendo en conta que as actuacións que propón, neste caso a Xunta de Galicia, no centro "María Mariño" consisten na eliminación dunha das edificacións preexistentes, o chamado*

***Soto Díaz y Rodríguez Martínez.***

***Presidencia***

*Bien, tiene la palabra el concejal de Urbanismo, Rehabilitación y Vivienda, señor Díaz Gallego, para exponer el asunto y después hay un turno de tres minutos por grupo.*

*Señor Díaz, tiene la palabra.*

**Señor Díaz Gallego**

Gracias, señora alcaldesa.

Traemos hoy a Pleno la aprobación definitiva del Estudio de detalle para la reforma interior de la parcela para la mejora de la accesibilidad en el centro de atención a las personas con discapacidad de A Coruña, el conocido como "María Mariño".

Se redacta el presente Estudio de detalle según lo establecido por la Norma Zonal 8 del Plan General de A Coruña que exige que los equipamientos y dotaciones se adapten tipológicamente a la ordenación de la zona en la que se encuadran y mantengan las condiciones de composición urbanística acordes con la misma, respetando y manteniendo las alineaciones de su manzana y de sus lindes y el resto de los parámetros serán libres. En todo caso, lo que añade esta norma zonal 8 es que para adaptar las condiciones de edificación, los estándares y los programas correspondientes a la legislación específica mediante la realización tendrá que someterse a la redacción de un estudio de detalle. El Estudio de detalle, por tanto, resulta preceptivo en cumplimiento de lo establecido en este artículo de nuestro Plan General, toda vez que las actuaciones que propone, en este caso la Xunta de Galicia, en el centro "María Mariño" consisten en la eliminación de una de las edificaciones preexistentes, el llamado "Edificio B" que

*"Edificio B" que se atopa neste momento en desuso, a creación dun aparcamento de vehículos baixo rasante no espazo ocupado polo "Edificio B" así como a construción dunhas pasarelas de comunicación voadas e núcleos novos de acceso que supoñen unha reordenación dos volumes interiores da parcela e que modifican ademais os parámetros urbanísticos, como a edificabilidade ou a ocupación, diminuíndo en todo caso esta con respecto á súa situación actual e ademais cumprindo, como non, como non pode ser doutra maneira, cos parámetros permitidos polo Plan Xeral.*

*A proposta que se realiza neste estudo de detalle faise especialmente necesaria tendo en conta o carácter dotacional sanitario do complexo, con usuarios con mobilidade reducida que ademais fai urxente dotar ao conxunto de itinerarios accesibles, tanto nos accesos ás edificacións como na conexión entre as diferentes unidades, dado que é necesario, como se nos indica no Estudo de detalle, realizar o traslado dos usuarios entre edificios e outros do complexo, entre uns edificios e outros do complexo, que na actualidade se realiza polo exterior e a través dunha contorna que non é accesible.*

*Entón, por tanto, como consecuencia, non?, destas necesidades que se expón a mellora do centro "María Mariño", a proposta de acordo que traemos hoxe a aprobación polo Pleno municipal é, por tanto, aprobar definitivamente o documento denominado Estudo de detalle para a reforma interior da parcela para mellora da accesibilidade no centro de atención a persoas con discapacidade, con data de agosto 2024 e presentado pola Consellería de Política Social; ordenar a realización dos trámites administrativos recolleitos nos artigos 82 e 88 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia; e notificar este acordo tanto ao*

se encuentra en este momento en desuso, la creación de un aparcamiento de vehículos bajo rasante en el espacio ocupado por el "Edificio B" así como la construcción de unas pasarelas de comunicación voladas y núcleos nuevos de acceso que suponen una reordenación de los volúmenes interiores de la parcela y que modifican además los parámetros urbanísticos, como la edificabilidad o la ocupación, disminuyendo en todo caso esta con respecto a su situación actual y además cumpliendo, como no, como no puede ser de otra manera, con los parámetros permitidos por el Plan General.

La propuesta que se realiza en este estudio de detalle se hace especialmente necesaria teniendo en cuenta el carácter dotacional sanitario del complejo, con usuarios con movilidad reducida que además hace urgente dotar al conjunto de itinerarios accesibles, tanto en los accesos a las edificaciones como en la conexión entre las diferentes unidades, dado que es necesario, como se nos indica en el Estudio de detalle, realizar el traslado de los usuarios entre edificios y otros del complejo, entre unos edificios y otros del complejo, que en la actualidad se realiza por el exterior y a través de un entorno que no es accesible.

Entonces, por tanto, como consecuencia, ¿no?, de estas necesidades que se plantea la mejora del centro "María Mariño", la propuesta de acuerdo que traemos hoy a aprobación por el Pleno municipal es, por lo tanto, aprobar definitivamente el documento denominado Estudio de detalle para la reforma interior de la parcela para mejora de la accesibilidad en el centro de atención a personas con discapacidad, con fecha de agosto 2024 y presentado por la Consellería de Política Social; ordenar la realización de los trámites administrativos recogidos en los artículos 82 y 88 de la Ley 2/2016, del Suelo de Galicia; y notificar este acuerdo tanto al promotor del

*promotor do documento como aos servizos e departamentos municipais afectados, así como trasladarlla á Dirección Xeral de Aviación Civil.*

*Moitas grazas.*

***Ás once horas e vinte e sete minutos entra no Salón de Sesións o señor Soto Díaz.***

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Díaz.

Comezamos a quenda de debate de tres minutos. Polo BNG, señora Veira.

**Señora Veira González**

Si. En primeiro lugar queremos anunciar que, por suposto, imos votar a favor deste estudo de detalle. Desde logo cremos que é fundamental apoiar a reforma deste centro para darlle unha boa accesibilidade. A verdade é que non foi sen tempo, xa van uns cantos anos desde a posta en funcionamento deste centro de atención a persoas con discapacidade e é bastante revelador a respecto do abandono ou da política da Xunta de Galiza de darlle as costas a este centro téndoo durante tantos anos sen a mínima accesibilidade e sen as mínimas melloras que precisa este centro e que se pretenden executar con este estudo de detalle.

Pola nosa banda, simplemente deixar enriba da mesa esta reflexión. Non é a única necesidade que ten este centro de atención a persoas con discapacidade, tamén o centro de educación especial. Nós desde aquí queremos aproveitar este minuto, digamos, para expresar o noso apoio rotundo a todas as reivindicacións da Ampa do centro especial "María Mariño" que tamén ten sufrido historicamente un trato deficiente por

documento como a los servicios y departamentos municipales afectados, así como trasladársela a la Dirección General de Aviación Civil.

Muchas gracias.

***A las once horas y veintisiete minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Soto Díaz.***

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Díaz.*

*Comenzamos el turno de debate de tres minutos. Por el BNG, señora Veira.*

***Señora Veira González***

*Sí. En primer lugar queremos anunciar que, por supuesto, vamos a votar a favor de este estudio de detalle. Desde luego creemos que es fundamental apoyar la reforma de este centro para darle una buena accesibilidad. La verdad es que no fue sin tiempo, ya van unos cuantos años desde la puesta en funcionamiento de este centro de atención a personas con discapacidad y es bastante revelador respecto al abandono o a la política de la Xunta de Galicia de dar la espalda a este centro teniéndolo durante tantos años sin la mínima accesibilidad y sin las mínimas mejoras que necesita este centro y que se pretenden ejecutar con este estudio de detalle.*

*Por nuestra parte, simplemente dejar encima de la mesa esta reflexión. No es la única necesidad que tiene este centro de atención a personas con discapacidad, también el centro de educación especial. Nosotros desde aquí queremos aprovechar este minuto, digamos, para expresar nuestro apoyo rotundo a todas las reivindicaciones de la Anpa del centro especial "María Marino" que también ha sufrido históricamente un trato deficiente*

parte da Xunta de Galiza, ás persoas que a el acoden, pero tamén ó persoal que os atende e por suposto ás familias que, por unha banda sofren pois as consecuencias, non?, de que a súa familia estea, ou o seu familiar estea nesa situación e tamén, pois o abandono, e tamén pois esa situación, non? de desamparo porque a Xunta de Galiza desde logo non atende as súas necesidades. Estamos a falar de deficiencias que por moi asentadas que estean no tempo non significa que sexan normais, como o feito de que teñan que compartir fisioterapia, a falta de baños adaptados, deficiencia na atención de comedores que, como lembrarán, saíron á luz pública a través dun programa televisivo con moito impacto, non?

*por parte de la Xunta de Galicia, a las personas que a él acuden, pero también al personal que los atiende y por supuesto a las familias que, por una parte sufren pues las consecuencias, ¿no?, de que su familia esté, o su familiar esté en esa situación y también, pues el abandono, y también pues esa situación, ¿no? de desamparo porque la Xunta de Galicia desde luego no atiende sus necesidades. Estamos hablando de deficiencias que por muy asentadas que estén en el tiempo no significa que sean normales, como el hecho de que tengan que compartir fisioterapia, la falta de baños adaptados, deficiencia en la atención de comedores que, como recordarán, salieron a la luz pública a través de un programa televisivo con mucho impacto, ¿no?*

Polo tanto, todo o avance que se faga, desde logo, neste centro, no centro de atención a persoas con discapacidade ou no centro especial "María Mariño" é por demérito, por unha banda, da Xunta de Galiza por non o atender no seu día e é mérito absoluto das persoas, dos familiares, da comunidade educativa que está, pois moi activa neste centro e está demandando estas melloras.

*Por lo tanto, todo el avance que se haga, desde luego, en este centro, en el centro de atención a personas con discapacidad o en el centro especial "María Marino" es por demérito, por una parte, de la Xunta de Galicia por no atenderlo en su día y es mérito absoluto de las personas, de los familiares, de la comunidad educativa que está, pues muy activa en este centro y está demandando estas mejoras.*

Nada máis pola nosa banda.

*Nada más por nuestra parte.*

**Ás once horas e trinta minutos entra no Salón de Sesións o señor Rodríguez Martínez.**

***A las once horas y treinta minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Rodríguez Martínez.***

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señora Veira.

*Muchas gracias, señora Veira.*

Turno para o Partido Popular. Señor Deus.

*Turno para el Partido Popular. Señor Deus.*

**Señor Deus Álvarez**

***Señor Deus Álvarez***

Moitas grazas, señora alcaldesa. Bos días a todos e a todas.

*Muchas gracias, señora alcaldesa. Buenos días a todos y a todas.*

*Este asunto que tratamos no Pleno de*

Este asunto que tratamos en el Pleno de hoy

*hoxe é un asunto no que sen dúbida imos estar todos de acordo, pois se trata de reordenar a parcela onde se atopa situado o centro de atención a persoas con discapacidade.*

es un asunto en el que sin duda vamos a estar todos de acuerdo, pues se trata de reordenar la parcela en donde se encuentra ubicado el centro de atención a personas con discapacidad.

*A parcela, como todos coñecemos, ten unha topografía cunha acusada pendente desde a rúa de acceso ata o mar. Nesta parcela sitúanse ata sete edificios independentes, unha configuración un tanto complexa, e que non están conectados entre si, o que complica enormemente a atención e o coidado das persoas que acoden a este centro, moitas delas con graves problemas de mobilidade. O desprazamento nos distintos edificios realízase a día de hoxe á intemperie e con percorridos pouco ou nada accesibles. É por iso que se toma a decisión de mellorar o funcionamento deste centro actuando sobre a parcela e proxectando un percorrido que conecte os diferentes edificios a través de pasarelas cubertas e accesibles para os seus usuarios. A parcela, como todos sabemos, tamén está cualificada como equipamento público asistencial e as actuacións que se pretende realizar atópanse fóra da servidume de protección de Costas.*

La parcela, como todos conocemos, tiene una topografía con una acusada pendiente desde la calle de acceso hasta el mar. En esta parcela se sitúan hasta siete edificios independientes, una configuración un tanto compleja, y que no están conectados entre sí, lo que complica enormemente la atención y el cuidado de las personas que acuden a este centro, muchas de ellas con graves problemas de movilidad. El desplazamiento en los distintos edificios se realiza a día de hoy a la intemperie y con recorridos poco o nada accesibles. Es por ello que se toma la decisión de mejorar el funcionamiento de este centro actuando sobre la parcela y proyectando un recorrido que conecte los diferentes edificios a través de pasarelas cubiertas y accesibles para sus usuarios. La parcela, como todos sabemos, también está calificada como equipamiento público asistencial y las actuaciones que se pretende realizar se encuentran fuera de la servidumbre de protección de Costas.

*Outro dos aspectos para destacar deste estudo de detalle é que reduce tamén a ocupación das edificacións e tamén a edificabilidade existente debido á demolición de dous dos edificios que ata o de agora tiña este centro e a cambio diso proponse a creación dun aparcamento de vehículos baixo rasante no espazo que ocupaban estes edificios, o cal mellorará tamén o uso por parte de todas as persoas que alí..., ás que alí se lles presta atención. Todo iso realízase tamén de acordo á Norma Zonal de equipamentos do Plan Xeral.*

Otro de los aspectos a destacar de este estudio de detalle es que reduce también la ocupación de las edificaciones y también la edificabilidad existente debido a la demolición de dos de los edificios que hasta ahora tenía este centro y a cambio de ello se propone la creación de un aparcamiento de vehículos bajo rasante en el espacio que ocupaban estos edificios, lo cual mejorará también el uso por parte de todas las personas que allí..., a las que allí se les presta atención. Todo ello se realiza también de acuerdo a la Norma Zonal de equipamientos del Plan General.

*Hai que destacar tamén que esta actuación é o tratamento dunha parcela*

Hay que destacar también que esta actuación es el tratamiento de una parcela

*con plataformas aterrazadas, froito desa complexidade topográfica, e comunicadas entre elas por pasarelas accesibles, o cal vai facilitar o uso tamén ás persoas con mobilidade reducida para realizar actividades ao aire libre. Por tanto, a solución exposta desde a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia resolve ese grave problema que ata o de agora tiña o centro e que vai facilitar o uso por parte dos seus usuarios.*

con plataformas aterrazadas, fruto de esa complejidad topográfica, y comunicadas entre ellas por pasarelas accesibles, lo cual va a facilitar el uso también a las personas con movilidad reducida para realizar actividades al aire libre. Por lo tanto, la solución planteada desde la Consellería de Política Social de la Xunta de Galicia resuelve ese grave problema que hasta ahora tenía el centro y que va a facilitar el uso por parte de sus usuarios.

*Chegados a este punto, creo que é necesario sinalar que a tramitación deste estudo de detalle foi extremadamente lenta. O primeiro documento remitido pola Consellería remóntase a xullo de 2021 e a aprobación inicial prodúcese pola Xunta de Goberno Local en agosto de 2022. Pasaron máis de tres anos desde a presentación e máis de dous anos desde a aprobación inicial. Estaremos de acordo que a cooperación institucional entre as administracións debería axilizar ao máximo a tramitación destes expedientes, tamén para a obtención dos informes sectoriais, e máis tratándose dunha actividade asistencial como a que se presta neste centro, e xa non só pensando na mellora que supón para os usuarios do centro, senón tamén pensando no aumento dos custos que se van producir debido a esta dilatada tramitación, pero claro, que imos esperar da xestión dun goberno municipal que perdeu case un millón de euros de financiamento de fondos europeos por atrasos na execución de obras por exemplo o edificio de Pontejos, que comezou cun período de execución de 10 meses e tivéronselle que engadir 18 meses máis; como o centro cívico do Birloque, que comezou cun prazo de execución de 6 meses e engadíronselle 13 meses máis de prazo; ou o centro de baixa esixencia, que se iniciou cun prazo de execución de 6 meses e tívoselle que engadir 4 meses máis; ou a Casa da*

*Bien, igualdad, mérito y capacidad sin olvidar, y eso sí que se ha comunicado, ¿no?, a los trabajadores de forma reiterada, que el conocimiento debe mantenerse y, efectivamente, porque las bibliotecas son un proyecto absolutamente transversal, son un proyecto que crean comunidad, que tienen un componente de igualdad y de cohesión social esencial en el acceso a contenidos, que protegen los derechos de las personas, que fomentan la creatividad, la imaginación y que en definitiva forman parte esencial de políticas progresistas en el acceso a la cultura y en la lucha también contra la*

afrontamos grandes retos e nun momento moi triste, como estamos a ver estes días onde vemos como a desinformación, os bulos, a propaganda e o negacionismo chega incluso a gañar eleccións. **(Óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**.

*desinformación en un momento en el que afrontamos grandes retos y en un momento muy triste, como estamos viendo estos días donde vemos cómo la desinformación, los bulos, la propaganda y el negacionismo llega incluso a ganar elecciones.* ***(Se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)****.*

Entón, reiterando ese compromiso, como non podía ser doutro xeito por parte dun goberno progresista, reiterando o agradecemento ó BNG pola súa posición construtiva ó longo deste ano, agardamos que o PP nun exercicio de responsabilidade se poida sumar tamén á idea deste proceso de internalización e de unificación da rede que ten moito que ver tamén coa mellora da prestación dun servizo público esencial por todo o que acabo de dicir.

*Entonces, reiterando ese compromiso, como no podía ser de otro modo por parte de un gobierno progresista, reiterando el agradecimiento al BNG por su posición constructiva a lo largo de este año, esperamos que el PP en un ejercicio de responsabilidad se pueda sumar también a la idea de este proceso de internalización y de unificación de la red que tiene mucho que ver también con la mejora de la prestación de un servicio público esencial por todo lo que acabo de decir.*

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Moitas grazas, señor Castro.

*Muchas gracias, señor Castro.*

Procedemos á votación desta moción.

*Procedemos a la votación de esta moción.*

**<u>Votación da primeira moción presentada polo Grupo municipal do Partido Popular</u>**

***<u>Votación de la primera moción presentada por el Grupo municipal del Partido Popular</u>***

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a primeira moción presentada polo Grupo municipal do Partido Popular relativa a bibliotecas municipais, producíndose o seguinte resultado:

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la primera moción presentada por el Grupo municipal del Partido Popular relativa a bibliotecas municipales, produciéndose el siguiente resultado:*

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (12 votos)

*Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (12 votos)*

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)*

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)*

**Presidencia**

Moitas grazas.

Queda aprobada por unanimidade.

**133. Moción do Grupo municipal do Partido Popular relativa a bibliotecas municipais.**

**Acordo**

Instar o Goberno municipal a:

1. Elaborar as bases dun novo concurso para a licitación inmediata dun novo contrato para o servizo de bibliotecas.

2. Elaborar por parte dos servizos xurídicos municipais un informe sobre o proceso de unificación do servizo de bibliotecas que contemple as diferentes alternativas (procedemento e fórmulas legais).

3. Ter en conta as necesidades para a reunificación do servizo:

a) Proposta de modificación da RPT do servizo de bibliotecas para unha municipalización

b) Axustes orzamentarios precisos.

4. Propoñer un cronograma formal.

5. Aprobar un plan de Bibliotecas con fases de execución e acompañado da dotación orzamentaria precisa.

**Segunda. Moción presentada polo Grupo municipal do Partido Popular relativa á cultura inclusiva.**

**Presidencia**

Segunda moción do Partido Popular sobre cultura inclusiva. Señora López.

***Presidencia***

*Muchas gracias.*

*Queda aprobada por unanimidad.*

***133. Moción del Grupo municipal del Partido Popular relativa a bibliotecas municipales.***

***Acuerdo***

*Instar al Gobierno municipal a:*

*1. Elaborar las bases de un nuevo concurso para la licitación inmediata de un nuevo contrato para el servicio de bibliotecas.*

*2. Elaborar por parte de los servicios jurídicos municipales un informe sobre el proceso de unificación del servicio de bibliotecas que contemple las diferentes alternativas (procedimiento y fórmulas legales).*

*3. Tener en cuenta las necesidades de cara a la reunificación del servicio:*

*a) Propuesta de modificación de la RPT del servicio de bibliotecas de cara a una municipalización*

*b) Ajustes presupuestarios precisos.*

*4. Proponer un cronograma formal.*

*5. Aprobar de un plan de Bibliotecas con fases de ejecución y acompañado de la dotación presupuestaria precisa.*

***Segunda. Moción presentada por el Grupo municipal del Partido Popular relativa a la cultura inclusiva.***

***Presidencia***

*Segunda moción del Partido Popular sobre cultura inclusiva. Señora López.*

**Señora López Sánchez**

Grazas, señora alcaldesa. Bo día a todas e a todos.

A falla de accesibilidade na actualidade é un dos problemas que máis preocupan ós coruñeses e ás coruñesas, de feito, en calquera cidade o atraso que haxa en materia de accesibilidade, máxime no eido da cultura, creo que reflicte perfectamente cales son os valores que rexen o correspondente goberno municipal e neste caso, no Concello da Coruña, as persoas con discapacidade temos que seguir pelexando e loitando para acadar a igualdade de oportunidades no acceso á cultura cando é un dereito que nos corresponde por lei, porque as persoas con discapacidade, concelleiros e concelleiras, non só buscamos subsistir, queremos vivir, vivir en maiúsculas e un piar fundamental para iso é acceder á cultura.

A cultura inclusiva precisa accesibilidade universal. Isto implica, primeiro, a concienciación plena de tódolos membros do Goberno municipal, cousa que non se produce; segundo, o apoio pleno por parte do Goberno municipal para que progresivamente haxa cada vez máis eventos e actos plenamente inclusivos; e por último, unha implicación económica real, fundamentalmente para a adaptación dos espazos, das localizacións, das salas, para que sexan plenamente accesibles para calquera persoa independentemente da discapacidade que teñamos. E para que non se me tilde de demagoga, vou citar textualmente peticións dos propios colectivos.

Persoas con discapacidade auditiva din: nos concertos e eventos musicais precísanse mochilas vibratorias e intérpretes de lingua de signos. Miren,

***Señora López Sánchez***

*Gracias, señora alcaldesa. Buenos días a todas y a todos.*

*La falta de accesibilidad en la actualidad es uno de los problemas que más preocupan a los coruñeses y a las coruñesas, de hecho, en cualquier ciudad el retraso que haya en materia de accesibilidad, máxime en el campo de la cultura, creo que refleja perfectamente cuáles son los valores que rigen el correspondiente gobierno municipal y en este caso, en el Ayuntamiento de A Coruña, las personas con discapacidad tenemos que seguir peleando y luchando para alcanzar la igualdad de oportunidades en el acceso a la cultura cuando es un derecho que nos corresponde por ley, porque las personas con discapacidad, concejales y concejalas, no solo buscamos subsistir, queremos vivir, vivir en mayúsculas y un pilar fundamental para eso es acceder a la cultura.*

*La cultura inclusiva necesita accesibilidad universal. Esto implica, primero, la concienciación plena de todos los miembros del Gobierno municipal, cosa que no se produce; segundo, el apoyo pleno por parte del Gobierno municipal para que progresivamente haya cada vez más eventos y actos plenamente inclusivos; y por último, una implicación económica real, fundamentalmente para la adaptación de los espacios, de las localizaciones, de las salas, para que sean plenamente accesibles para cualquier persona independientemente de la discapacidad que tengamos. Y para que no se me tilde de demagoga, voy a citar textualmente peticiones de los propios colectivos.*

*Personas con discapacidad auditiva dicen: en los conciertos y eventos musicales se necesitan mochilas vibratorias e intérpretes de lengua de signos. Miren, este*

este verán nos "Recorda Fest", grazas á iniciativa dunha promotora privada que puxo a disposición dos usuarios mochilas vibratorias, por primeira vez persoas xordas puideron desfrutar de concertos e de música en vivo, por primeira vez na súa vida. Tamén din que no teatro, en conferencias e noutros eventos semellantes, precísanse tamén de intérpretes de lingua de signos, sistemas de bucle magnético, equipos de frecuencia modulada e a utilización de subtítulos. Eu, se me permiten, boto en falta neste concello e nas numerosas salas que ten a presencia e instalación de bucles magnéticos que faciliten a escoita daquelas persoas que levan audífono.

*verano en los "Recuerda Fest", gracias a la iniciativa de una promotora privada que puso a disposición de los usuarios mochilas vibratorias, por primera vez personas sordas pudieron disfrutar de conciertos y de música en vivo, por primera vez en su vida. También dicen que en el teatro, en conferencias y en otros eventos semejantes, se necesitan también intérpretes de lengua de signos, sistemas de bucle magnético, equipos de frecuencia modulada y la utilización de subtítulos. Yo, si me permiten, echo en falta en este ayuntamiento y en las numerosas salas que tiene la presencia e instalación de bucles magnéticos que faciliten la escucha de aquellas personas que llevan audífono.*

As persoas con discapacidade intelectual din: é preciso facilitar a compra de entradas, é preciso garantir a comprensión de catálogos, programas ou folletos contratando, por exemplo, un equipo de facilitación de lectura fácil, e é fundamental facilitar a orientación nas salas e edificios a través de pictogramas, por exemplo, neste edificio no Concello no que é moi sinxelo perderse.

*Las personas con discapacidad intelectual dicen: es preciso facilitar la compra de entradas, es preciso garantizar la comprensión de catálogos, programas o folletos contratando, por ejemplo, un equipo de facilitación de lectura fácil, y es fundamental facilitar la orientación en las salas y edificios a través de pictogramas, por ejemplo, en este edificio en el Ayuntamiento en el que es muy sencillo perderse.*

As persoas con discapacidade visual din: o primeiro obxectivo será garantir a chegada ó lugar onde estea asentado o edificio ou acto en cuestión. Mire, vamos poñer un exemplo, nos Cantóns as persoas con discapacidade visual antes eran perfectamente autónomas e independentes para saír da Fundación Once, para saír da Fundación Barrié ou de Abanca, e chegar ata a parada de bus para coller o transporte público. Vostedes fixeron obras, eliminaron tódolos encamiñamentos e agora deixaron estas persoas de ser autónomas e independentes. Pensen niso.

*Las personas con discapacidad visual dicen: el primer objetivo será garantizar la llegada al lugar donde esté asentado el edificio o acto en cuestión. Mire, vamos a poner un ejemplo, en los Cantones las personas con discapacidad visual antes eran perfectamente autónomas e independientes para salir de la Fundación Once, para salir de la Fundación Barrié o de Abanca, y llegar hasta la parada de bus para coger el transporte público. Ustedes hicieron obras, eliminaron todos los encaminamientos y ahora dejaron estas personas de ser autónomas e independientes. Piensen en eso.*

Ademais, unha vez que a persoa chega, haberá que ter en conta os desprazamentos dentro do recinto,

*Además, una vez que la persona llega, habrá que tener en cuenta los desplazamientos dentro del recinto,*

encamiñamentos, información en braille, tecnoloxías de localización e tamén a accesibilidade ós contidos e información, información electrónica, audioguías, vídeos audiodescritos e sistemas auditivos de autodescrición.

*encaminamientos, información en braille, tecnologías de localización y también la accesibilidad a los contenidos e información, información electrónica, audioguías, vídeos audiodescritos y sistemas auditivos de autodescripción.*

E por último, as persoas con discapacidade física tamén terán como primeiro obxectivo garantir a chegada ó lugar onde estea asentado o edificio ou evento cultural en cuestión, pero para iso fai falla que se incrementen as prazas de aparcamento adaptadas segundo a normativa, non de calquera maneira, e por suposto que tódolos aparcadoiros públicos da cidade sexa accesibles e teñan ascensores. É inconcebible que a día de hoxe haxa varios aparcamentos públicos municipais que non teñan ascensor e que non sexan accesibles, por favor.

*Y por último, las personas con discapacidad física también tendrán como primer objetivo garantizar la llegada al lugar donde esté asentado el edificio o evento cultural en cuestión, pero para eso hace falta que se incrementen las plazas de aparcamiento adaptadas según la normativa, no de cualquier manera, y por supuesto que todos los aparcamientos públicos de la ciudad sea accesibles y tengan ascensores. Es inconcebible que a día de hoy haya varios aparcamientos públicos municipales que no tengan ascensor y que no sean accesibles, por favor.*

Ademais, hai un informe da Valedora do Pobo que reflicte que hai moitísimas queixas por parte do Concello da Coruña en materia de accesibilidade no eido cultural e vou citar tres exemplos para rematar.

*Además, hay un informe de la Valedora do Pobo que refleja que hay muchísimas quejas por parte del Ayuntamiento de A Coruña en materia de accesibilidad en el campo cultural y voy a citar tres ejemplos para finalizar.*

No Pazo da Ópera ou no Teatro Rosalía de Castro **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** para poder asistir a calquera función tendo mobilidade reducida non queda máis remedio que pagar o prezo máximo pola entrada. No Coliseum ou no Teatro Rosalía non se cumpre co ratio de prazas para persoas con mobilidade reducida e no Teatro Rosalía, ademais, non reservan sitio para acompañante da persoa con mobilidade reducida, como así dita a normativa.

*En el Palacio de la Ópera o en el Teatro Rosalía de Castro* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *para poder asistir a cualquier función teniendo movilidad reducida no queda más remedio que pagar el precio máximo por la entrada. En el Coliseum o en el Teatro Rosalía no se cumple con la ratio de plazas para personas con movilidad reducida y en el Teatro Rosalía, además, no reservan sitio para acompañante de la persona con movilidad reducida, como así dicta la normativa.*

Por todas estas razóns e por moitas outras que non podo citar porque non teño tempo, o noso Grupo municipal presenta a seguinte moción: instamos o Goberno

*Por todas estas razones y por muchas otras que no puedo citar porque no tengo tiempo, nuestro Grupo municipal presenta la siguiente moción: instamos al Gobierno*

municipal a aumentar o orzamento necesario para a adaptación física da cidade e das súas localizacións, como edificios ou salas de exposición, así como para as adaptacións necesarias para persoas con discapacidade sensorial e cognitiva en calquera acto ou evento cultural; aumentar o **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)** apoio institucional para conseguir progresivamente a celebración de máis actos ou eventos culturais plenamente inclusivos; e contar co Grupo Acceso Coruña, no que se atopan representados tódolos colectivos referidos aos diferentes tipos de discapacidade, para o asesoramento en materia de accesibilidade en edificios, eventos, actividades ou actos culturais.

*municipal a aumentar el presupuesto necesario para la adaptación física de la ciudad y de sus localizaciones, como edificios o salas de exposición, así como para las adaptaciones necesarias para personas con discapacidad sensorial y cognitiva en cualquier acto o evento cultural; aumentar el* ***(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)*** *apoyo institucional para conseguir progresivamente la celebración de más actos o eventos culturales plenamente inclusivos; y contar con el Grupo Acceso Coruña, en el que se encuentran representados todos los colectivos referidos a los diferentes tipos de discapacidad, para el asesoramiento en materia de accesibilidad en edificios, eventos, actividades o actos culturales.*

Máis nada pola miña banda. Moitas grazas.

*Nada más por mi parte. Muchas gracias.*

**Presidencia**

Moitas grazas. Turno para o BNG. Señora Queixas.

***Presidencia***

*Muchas gracias. Turno para el BNG. Señora Queixas.*

**Señora Queixas Zas**

Moitas grazas, alcaldesa e moi bo día.

No BNG acreditamos na cultura inclusiva como un piar do principio de igualdade de oportunidades e como un escudo que impide erguer un mundo con barreiras asentado na exclusión e na discriminación. Por iso, incluímos no acordo de investidura a elaboración e aprobación dun plan de accesibilidade universal.

A perspectiva da cultura inclusiva é unha perspectiva necesariamente transversal, non parcial, vai moito máis alá de dar resposta a unha acción puntual da accesibilidade ou de facilitar a

***Señora Queixas Zas***

*Muchas gracias, alcaldesa y muy buenos días.*

*En el BNG creemos en la cultura inclusiva como un pilar del principio de igualdad de oportunidades y como un escudo que impide erguir un mundo con barreras asentado en la exclusión y en la discriminación. Por eso, incluimos en el acuerdo de investidura la elaboración y aprobación de un plan de accesibilidad universal.*

*La perspectiva de la cultura inclusiva es una perspectiva necesariamente transversal, no parcial, va mucho más allá de dar respuesta a una acción puntual de la accesibilidad o de facilitar la*

participación nunha programación demasiadas veces pensada de forma diferente para o diferente. A mirada inclusiva, como a mirada feminista ou a de sostibilidade medioambiental, debe permear a concepción global e integradora de a cultura ser un dereito fundamental para o conxunto da cidadanía sen exclusións e polo tanto así ser incorporada ás políticas públicas, e é por iso que a cultura inclusiva non é só aquela que contribúe á participación das persoas con discapacidade, como se recolle na moción do Partido Popular, senón que para o BNG é aquela que parte do principio de que a cultura é un dereito fundamental e como tal debe ser regulado e garantido, por iso estamos desde o BNG tamén a traballar neste momento no avance da lei de dereitos culturais. Malia esta visión que entendemos parcial da moción do Partido Popular, concordamos cos acordos que propón xa que realmente o que demanda é que desde o Goberno local se cumpra a Lei de inclusión do 2013 e a Lei de accesibilidade de 2014.

*participación en una programación demasiadas veces pensada de forma diferente para lo diferente. La mirada inclusiva, como la mirada feminista o la de sostenibilidad medioambiental, debe permear la concepción global e integradora de ser la cultura un derecho fundamental para el conjunto de la ciudadanía sin exclusiones y por lo tanto así ser incorporada a las políticas públicas, y es por eso que la cultura inclusiva no es solo aquella que contribuye a la participación de las personas con discapacidad, como se recoge en la moción del Partido Popular, sino que para el BNG es aquella que parte del principio de que la cultura es un derecho fundamental y como tal debe ser regulado y garantizado, por eso estamos desde el BNG también trabajando en este momento en el avance de la ley de derechos culturales. A pesar de esta visión que entendemos parcial de la moción del Partido Popular, concordamos con los acuerdos que propone ya que realmente lo que demanda es que desde el Gobierno local se cumpla la Ley de inclusión del 2013 y la Ley de accesibilidad de 2014.*

Con todo, tamén sentimos, teño que dicilo, que renuncie o Partido Popular a ser máis ambicioso desde este grupo municipal para estender ó Goberno do Partido Popular que está na Xunta a exixencia de cumprimento como administración competente e responsábel desta lexislación. Unha visita ás, por outra parte, escasas infraestruturas culturais dependentes da Xunta de Galiza na Coruña confirman que o que se solicita nesta moción segue a ser unha materia demasiado pendente por parte do Partido Popular que goberna a Xunta. É máis, á cultura inclusiva como valor de respecto pola diversidade colectiva en igualdade chégase fundamentalmente desde a educación e o Partido Popular está a ser todo un exemplo practicante da política de exclusión, como vemos curso tras

*Con todo, también sentimos, tengo que decirlo, que renuncie el Partido Popular a ser más ambicioso desde este grupo municipal para extender al Gobierno del Partido Popular que está en la Xunta la exigencia de cumplimiento como administración competente y responsable de esta legislación. Una visita a las, por otra parte, escasas infraestructuras culturales dependientes de la Xunta de Galicia en A Coruña confirman que lo que se solicita en esta moción sigue siendo una materia demasiado pendiente por parte del Partido Popular que gobierna la Xunta. Es más, a la cultura inclusiva como valor de respeto por la diversidad colectiva en igualdad se llega fundamentalmente desde la educación y el Partido Popular está siendo todo un ejemplo practicante de la política de exclusión, como vemos curso*

curso tamén nos centros educativos desta cidade. Nun espazo tan sensíbel para traballar a inclusión como é a escola, comprobamos como máis que a aplicación dos dereitos recoñecidos de inclusión, o Partido Popular aplícase en practicar unha lección maxistral de dereitos tortos, como está, por exemplo, a día de hoxe, dous meses e algo máis dende que comezou este curso, como está a acontecer no IES Agra do Orzán a quen a Xunta segue sen dotar do profesorado especialista de pedagoxía terapéutica e audición e linguaxe imprescindíbeis para atender tódalas formas de discapacidade, de diversidade e de inclusión. Desde aquí, desde o Grupo municipal do BNG, volvemos trasladarlle á comunidade educativa do Instituto Agra do Orzán o noso compromiso e apoio nas súas demandas do profesorado preciso para garantir o dereito a unha educación sen exclusións.

O dereito á cultura inclusiva, efectivamente, é unha materia pendente, tamén dende este goberno local, e así o recoñecen as entidades do terceiro sector social que son as que mellor o coñecen. Non existe en Galiza un análise concreta sobre a situación das persoas con discapacidade no eido cultural. Esta falta de coñecemento reduce as oportunidades de abordar políticas públicas que sexan efectivas. Así está recollido nunha das súas alegacións, actualmente en tramitación no Parlamento, á Lei de cultura inclusiva e accesíbel de Galiza.

Remato xa. Moito por facer e con moitos interrogantes ós que tampouco vai dar resposta de forma inmediata esta lei de cultura inclusiva e accesíbel que acabo de mencionar, insisto, actualmente en tramitación e polo tanto aínda susceptíbel de mellora que nace limitada, inconcreta e sen recursos para dar resposta, tamén desde os concellos, **(óese un sinal**

*tras curso también en los centros educativos de esta ciudad. En un espacio tan sensible para trabajar la inclusión como es la escuela, comprobamos cómo más que la aplicación de los derechos reconocidos de inclusión, el Partido Popular se aplica en practicar una lección magistral de derechos tuertos, como está, por ejemplo, a día de hoy, dos meses y algo más desde que comenzó este curso, como está sucediendo en el IES Agra del Orzán a quién la Xunta sigue sin dotar del profesorado especialista de pedagogía terapéutica y audición y lenguaje imprescindibles para atender a todas las formas de discapacidad, de diversidad y de inclusión. Desde aquí, desde el Grupo municipal del BNG, le volvemos a trasladar a la comunidad educativa del Instituto Agra del Orzán nuestro compromiso y apoyo en sus demandas del profesorado preciso para garantizar el derecho la una educación sin exclusiones.*

*El derecho a la cultura inclusiva, efectivamente, es una materia pendiente, también desde este gobierno local, y así lo reconocen las entidades del tercer sector social que son las que mejor lo conocen. No existe en Galicia un análisis concreto sobre la situación de las personas con discapacidad en el campo cultural. Esta falta de conocimiento reduce las oportunidades de abordar políticas públicas que sean efectivas. Así está recogido en una de sus alegaciones, actualmente en tramitación en el Parlamento, a la Ley de cultura inclusiva y accesible de Galicia.*

*Finalizo ya. Mucho por hacer y con muchos interrogantes a los que tampoco va a dar respuesta de forma inmediata esta ley de cultura inclusiva y accesible que acabo de mencionar, insisto, actualmente en tramitación y por lo tanto aún susceptible de mejora que nace limitada, inconcreta y sin recursos para dar respuesta, también desde los*

**acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** para garantir o dereito de acceso, creación e participación dunha cultura verdadeiramente inclusiva.

Dende o BNG anunciamos o noso voto a favor porque avanzar na inclusión é un dos avais do traballo que leva desenvolvido o Grupo municipal do BNG nesta corporación.

Moitas grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Queixas.

Turno para a señora Díaz polo Goberno.

**Señora Díaz Vázquez**

Moitas grazas, señora alcaldesa. Bo día a todas as persoas presentes e tamén a todas aquelas que nos seguen a través do *streaming*.

O primeiro, adiantar que votaremos a favor da moción porque, efectivamente, o acceso á cultura é un dereito para tódalas persoas e é ese un compromiso que se adquire, non só dende a Concellería de Cultura igual que se adquiren con outros principios transversais e fundamentais como son os relacionados co xénero ou coa lingua galega, senón que son, por suposto, un compromiso de todo o Goberno municipal e da nosa alcaldesa.

**Ás trece horas e catorce minutos sae do Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas.**

O Real Decreto 1/2013, sobre dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, define a accesibilidade universal como a condición que deben

*ayuntamientos,* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *para garantizar el derecho de acceso, creación y participación de una cultura verdaderamente inclusiva.*

*Desde el BNG anunciamos nuestro voto a favor porque avanzar en la inclusión es uno de los avales del trabajo que lleva desarrollado el Grupo municipal del BNG en esta corporación.*

*Muchas gracias.*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Queixas.*

*Turno para la señora Díaz por el Gobierno.*

***Señora Díaz Vázquez***

*Muchas gracias, señora alcaldesa. Buenos días a todas las personas presentes y también a todas aquellas que nos siguen a través de la retransmisión en directo.*

*Lo primero, adelantar que votaremos a favor de la moción porque, efectivamente, el acceso a la cultura es un derecho para todas las personas y es ese un compromiso que se adquiere, no solo desde la Concejalía de Cultura igual que se adquieren con otros principios transversales y fundamentales como son los relacionados con el género o con la lengua gallega, sino que son, por supuesto, un compromiso de todo el Gobierno municipal y de nuestra alcaldesa.*

***A las trece horas y catorce minutos sale del Salón de Sesiones el señor Jorquera Caselas.***

*El Real Decreto 1/2013, sobre derechos de las personas con discapacidad y de su inclusión social, define la accesibilidad universal como la condición que deben*

cumprir as entornas, procesos, bens, produtos e servizos así como obxectos, instrumentos, ferramentas e dispositivos para seren comprensibles, utilizables e practicables por tódalas persoas en condicións de seguridade e comodidade. Nesta definición legal xa se ofrece unha idea da dimensión do concepto de accesibilidade universal e do ambiciosa da tarefa proposta. Nese sentido, o compromiso deste goberno municipal é claro. Xa en outubro de 2019 aprobouse por unanimidade unha declaración institucional da Coruña por unha mobilidade sostible que recolle, entre outros compromisos, o de garantir o acceso universal en tódolos sistemas de transporte e no espazo público da cidade, e outro compromiso é o de corresponsabilizar a tódolos axentes públicos e privados mediante a constitución dunha mesa de mobilidade sostible da Coruña, e precisamente nesta mesa creouse un grupo de traballo que está coordinado por unha persoa representante do Grupo Accesibilidade Coruña do que fala, integrado por distintos colectivos e entidades de persoas con discapacidade, diversidade e/ou problemas de mobilidade co fin de asesorar o Concello e trasladarlle problemáticas e solucións ás medidas de seguridade.

*cumplir las entornas, procesos, bienes, productos y servicios así como objetos, instrumentos, herramientas y dispositivos para ser comprensibles, utilizables y practicables por todas las personas en condiciones de seguridad y comodidad. En esta definición legal ya se ofrece una idea de la dimensión del concepto de accesibilidad universal y de lo ambiciosa de la tarea propuesta. En ese sentido, el compromiso de este gobierno municipal es claro. Ya en octubre de 2019 se aprobó por unanimidad una declaración institucional de A Coruña por una movilidad sostenible que recoge, entre otros compromisos, el de garantizar el acceso universal en todos los sistemas de transporte y en el espacio público de la ciudad, y otro compromiso es el de corresponsabilizar a todos los agentes públicos y privados mediante la constitución de una mesa de movilidad sostenible de A Coruña, y precisamente en esta mesa se creó un grupo de trabajo que está coordinado por una persona representante del Grupo Accesibilidad Coruña del que habla, integrado por distintos colectivos y entidades de personas con discapacidad, diversidad y/o problemas de movilidad con el fin de asesorar al Ayuntamiento y trasladarle problemáticas y soluciones a las medidas de seguridad.*

Máis recente, no 2022 elaborouse a Estratexia Municipal Coruña 20-30, a axenda urbana da cidade, na que se definen as liñas de actuación e proxectos prioritarios para a cidade atendendo os obxectivos de desenvolvemento sostible da ONU e os obxectivos estratéxicos da Axenda Urbana española. Dentro desta axenda, no obxectivo 3 cara ó equilibrio territorial e á igualdade urbana inclúese a elaboración dun plan municipal de accesibilidade e deseño integral e xustamente nestes momentos estase a redactar o prego de condicións, o prego de prescripcións técnicas que vai definir

*Más reciente, en el 2022 se elaboró la Estrategia Municipal Coruña 20-30, la agenda urbana de la ciudad, en la que se definen las líneas de actuación y proyectos prioritarios para la ciudad atendiendo a los objetivos de desarrollo sostenible de la ONU y a los objetivos estratégicos de la Agenda Urbana española. Dentro de esta agenda, en el objetivo 3 hacia el equilibrio territorial y a la igualdad urbana se incluye la elaboración de un plan municipal de accesibilidad y diseño integral y justamente en estos momentos se está redactando el pliego de condiciones, el pliego de prescripciones técnicas que va*

o alcance dos traballos e servirá de base para a licitación prevista para o primeiro trimestre do 25 deste plan de accesibilidade. Para a redacción do prego e tamén para a futura elaboración do plan contarase con diferentes axentes relevantes relacionados coa accesibilidade a fin de recoller todas as achegas, entre os que se atopa o citado Grupo Accesibilidade Coruña entre outros. O plan municipal de accesibilidade universal da Coruña non terá só en conta as necesidades relativas á accesibilidade física, senón tamén aquelas relacionadas coas dificultades das persoas con discapacidade sensorial e cognitiva e por suposto, tendo en conta sempre a perspectiva de xénero. O plan terá que ser elaborado por un equipo multidisciplinar de persoas expertas que terá por obxecto propoñer actuacións necesarias relativas á accesibilidade universal, tanto en espazos e edificios públicos de distinta natureza incluídos, obviamente, os culturais, tamén os transportes e servizos, e a comunicación da administración, valorando estas actuacións, priorizándoas de xeito planificado e coherente e dacordo con outros plans e estratexias municipais como pode ser a propia Axenda Urbana, o PXOM, o PMUS, etcétera. Ademais, definirá un plan por etapas para a súa execución que permitirá, polo tanto, planificar esa inversión, ese orzamento necesario para ir acadando gradual e progresivamente as condicións de accesibilidade universal establecidas pola normativa vixente en tódolos ámbitos sinalados.

Polo tanto, por resumir, votamos a favor da moción porque, como digo, é un compromiso xa adquirido pola nosa alcaldesa e por este goberno municipal.

Nada máis, moitas grazas.

*a definir el alcance de los trabajos y servirá de base para la licitación prevista para el primer trimestre del 25 de este plan de accesibilidad. Para la redacción del pliego y también para la futura elaboración del plan se contará con diferentes agentes relevantes relacionados con la accesibilidad a fin de recoger todas las aportaciones, entre los que se encuentra el citado Grupo Accesibilidad Coruña entre otros. El plan municipal de accesibilidad universal de A Coruña no tendrá solo en cuenta las necesidades relativas a la accesibilidad física, sino también aquellas relacionadas con las dificultades de las personas con discapacidad sensorial y cognitiva y por supuesto, teniendo en cuenta siempre la perspectiva de género. El plan tendrá que ser elaborado por un equipo multidisciplinar de personas expertas que tendrá por objeto proponer actuaciones necesarias relativas a la accesibilidad universal, tanto en espacios y edificios públicos de distinta naturaleza incluidos, obviamente, los culturales, también los transportes y servicios, y la comunicación de la administración, valorando estas actuaciones, priorizándolas de manera planificada y coherente y de acuerdo con otros planes y estrategias municipales como puede ser la propia Agenda Urbana, el PGOM, el PMUS, etcétera. Además, definirá un plan por etapas para su ejecución que permitirá, por lo tanto, planificar esa inversión, ese presupuesto necesario para ir alcanzando gradual y progresivamente las condiciones de accesibilidad universal establecidas por la normativa vigente en todos los ámbitos señalados.*

*Por lo tanto, por resumir, votamos a favor de la moción porque, como digo, es un compromiso ya adquirido por nuestra alcaldesa y por este gobierno municipal.*

*Nada más, muchas gracias.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Díaz.

Procedemos á votación desta moción.

**Votación da segunda moción presentada polo Grupo municipal do Partido Popular**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a segunda moción presentada polo Grupo municipal do Partido Popular sobre cultura inclusiva, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (12 votos)

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (3 votos)

Contabilízase, así mesmo, a abstención do señor concelleiro D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, de acordo co artigo 100.1 do ROF, por ausentarse do Salón de Sesións unha vez iniciada a deliberación e non estar presente no momento da votación.

**Presidencia**

Grazas. Queda aprobada por unanimidade.

**134. Moción do Grupo municipal do Partido Popular relativa a cultura inclusiva.**

**Acordo**

Instar o Goberno municipal a:

1. Incrementar o orzamento necesario para a adaptación física da cidade e das súas localizacións, como edificios ou

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Díaz.*

*Procedemos a la votación de esta moción.*

***Votación de la segunda moción presentada por el Grupo municipal del Partido Popular***

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la segunda moción presentada por el Grupo municipal del Partido Popular sobre cultura inclusiva, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (12 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (3 votos)*

*Se contabiliza, asimismo, la abstención del señor concejal D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, de acuerdo con el artículo 100.1 del ROF, por ausentarse del Salón de Sesiones una vez iniciada la deliberación y no estar presente en el momento de la votación.*

***Presidencia***

*Gracias. Queda aprobada por unanimidad.*

***134. Moción del Grupo municipal del Partido Popular relativa a cultura inclusiva.***

***Acuerdo***

*Instar al Gobierno municipal a:*

*1. Incrementar el presupuesto necesario para la adaptación física de la ciudad y de sus localizaciones, como edificios o salas*

salas de exposición, así como para as adaptacións necesarias para persoas con discapacidade sensorial e cognitiva en calquera acto ou evento cultural.

2. Aumentar o apoio institucional para conseguir progresivamente a celebración de máis actos ou eventos culturais plenamente inclusivos.

3. Contar co Grupo Acceso Coruña, no que se atopan representados todos os colectivos referidos aos diferentes tipos de discapacidade, para o asesoramento en materia de accesibilidade en edificios, eventos, actividades ou actos culturais.

**Terceira. Moción relativa á zona da estación do ferrocarril dentro do barrio dos Mallos.**

**Sobre esta moción consta presentada unha emenda polo Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.**

**Presidencia**

Terceira e última moción do Partido Popular sobre a zona da estación do ferrocarril dentro do barrio dos Mallos. Hai unha emenda de modificación e adición do Grupo municipal do BNG.

Señor Amado.

***Señor Amado de la Fuente***

Bos días *a todo o mundo, en especial aos veciños dos Mallos que impulsaron, que nos impulsaron esta moción.*

*Estamos ante unha moción que denuncia a forma de traballar do Goberno municipal de Inés Rey, un estilo de goberno caracterizado por ser absolutista, porque non conta cos veciños para resolver os problemas que teñen, autoritario porque se nega a recibir ou*

*de exposición, así como para las adaptaciones necesarias para personas con discapacidad sensorial y cognitiva en cualquier acto o evento cultural.*

*2. Aumentar el apoyo institucional para conseguir progresivamente la celebración de más actos o eventos culturales plenamente inclusivos.*

*3. Contar con el Grupo Acceso Coruña, en el que se encuentran representados todos los colectivos referidos a los diferentes tipos de discapacidad, para el asesoramiento en materia de accesibilidad en edificios, eventos, actividades o actos culturales.*

***Tercera. Moción relativa a la zona de la estación del ferrocarril dentro del barrio de Os Mallos.***

***Sobre esta moción consta presentada una enmienda por el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego.***

***Presidencia***

*Tercera y última moción del Partido Popular sobre la zona de la estación del ferrocarril dentro del barrio de Os Mallos. Hay una enmienda de modificación y adición del Grupo municipal del BNG.*

*Señor Amado.*

**Señor Amado de la Fuente**

*Buenos días* a todo el mundo, en especial a los vecinos de Os Mallos que impulsaron, que nos impulsaron esta moción.

Estamos ante una moción que denuncia la forma de trabajar del Gobierno municipal de Inés Rey, un estilo de gobierno caracterizado por ser absolutista, porque no cuenta con los vecinos para resolver los problemas que tienen, autoritario porque se niega a recibir o aceptar las modificaciones

*aceptar as modificacións que lle piden os veciños, con falta de empatía porque non é capaz de entender que os veciños teñen problemas e que é a súa obriga o axudar a resolvelos por ser a administración máis próxima aos cidadáns e con falta de planificación porque non se inclúe un estudo real de como vai quedar o tráfico interior do barrio cos cambios que propoñen e non se trasladan as propostas de mellora aos veciños. Estamos ante unha moción que non fala de elementos materiais, de obras frías, senón que fala de persoas con corazón que viven con desvelos, con incertezas, con desasosegos por estes feitos denunciados nesta iniciativa. Desvelos porque non saben se van poder manter as súas casas, incertezas porque non saben cando van poder dispoñer das súas prazas de garaxe, desasosegos porque todo o traballo dunha vida pode desaparecer por culpa dunha obra municipal.*

***Ás trece horas e dezaoito minutos entra no Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas.***

*Estamos ante un barrio habitado por preto de 9.845 persoas que viron historicamente como María Pita lles daba as costas, pero que agora estaban ilusionados porque se lles prometeu que a nova estación intermodal ía dinamizar o barrio, pero desgraciadamente a realidade vai ser diferente e o establecemento de novas infraestruturas pódese converter na súa ruína e molestia. O Goberno municipal de Inés Rey non só non axuda a conservar as infraestruturas existentes, senón que inviste o diñeiro municipal en molestar e empeorar a calidade de vida dos veciños que habitamos este barrio.*

*Que sentido ten que o Concello construíse en 1995 un aparcamento público que dinamizaba o comercio e axudaba a solucionar os problemas*

que le piden los vecinos, con falta de empatía porque no es capaz de entender que los vecinos tienen problemas y que es su obligación el ayudar a resolverlos por ser la administración más cercana a los ciudadanos y con falta de planificación porque no se incluye un estudio real de cómo va a quedar el tráfico interior del barrio con los cambios que proponen y no se trasladan las propuestas de mejora a los vecinos. Estamos ante una moción que no habla de elementos materiales, de obras frías, sino que habla de personas con corazón que viven con desvelos, con incertidumbres, con desasosiegos por estos hechos denunciados en esta iniciativa. Desvelos porque no saben si van a poder mantener sus casas, incertidumbres porque no saben cuándo van a poder disponer de sus plazas de garaje, desasosiegos porque todo el trabajo de una vida puede desaparecer por culpa de una obra municipal.

***A las trece horas y dieciocho minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Jorquera Caselas.***

Estamos ante un barrio habitado por cerca de 9.845 personas que han visto históricamente cómo María Pita les daba la espalda, pero que ahora estaban ilusionados porque se les había prometido que la nueva estación intermodal iba a dinamizar el barrio, pero desgraciadamente la realidad va a ser diferente y el establecimiento de nuevas infraestructuras se puede convertir en su ruina y molestia. El Gobierno municipal de Inés Rey no solo no ayuda a conservar las infraestructuras existentes, sino que invierte el dinero municipal en molestar y empeorar la calidad de vida de los vecinos que habitamos este barrio.

¿Qué sentido tiene que el Ayuntamiento haya construido en 1995 un aparcamiento público que dinamizaba el comercio y ayudaba a solucionar los problemas

*históricos de estacionamento e que agora no 2024 se desentenda dos problemas causados polo incendio dun vehículo e deixe toda a responsabilidade encima dun veciño de máis de 85 anos? Refírome ao señor Salgado, un exemplo, o señor Salgado, e un verdadeiro loitador polo barrio que non escatimou novamente forzas e recursos para dar esta batalla e conseguir que o aparcamento volva funcionar.*

*Por certo, señora Paz, onte ás oito e media da tarde mandáronlle un policía á súa casa cunha carta asinada por vostede cun requirimento. Non está mal despois dun ano e pico esperando por iso.*

*Que sentido ten que despois de toda unha vida sen facerse esa urbanización, máis de 75 anos, veña agora o Concello para urbanizar ese ámbito e isto lles obrigue aos veciños a vender as súas casas por non poder asumir uns gastos de edificabilidade?*

***Ás trece horas e dezanove minutos sae do Salón de Sesións a señora Veira González.***

*Que sentido ten pechar un negocio que leva máis de 50 anos establecido con nove traballadores porque as obras que se proxectan impiden as condicións necesarias para traballar, como é simplemente unha zona de carga e descarga diante dos seus vaos na avenida da Sardiñeira?*

*Se hai algún estudo —e xa avanzo que aceptamos as... como xa lle comuniquei onte ao Bloque Nacionalista Gallego—, se hai algún estudo que avale a proposta de manter o carril, rogaríalles que nolo fixesen público, fixésennolo chegar tanto ao Bloque Nacionalista Gallego como, tal, e convoquen unha reunión á que podamos asistir todos e o defendan diante dos veciños, non só diante dun*

históricos de estacionamiento y que ahora en el 2024 se desentienda de los problemas causados por el incendio de un vehículo y deje toda la responsabilidad encima de un vecino de más de 85 años? Me refiero al señor Salgado, un ejemplo, el señor Salgado, y un verdadero luchador por el barrio que no ha escatimado nuevamente fuerzas y recursos para dar esta batalla y conseguir que el aparcamiento vuelva a funcionar.

Por cierto, señora Paz, ayer a las ocho y media de la tarde le mandaron un policía a su casa con una carta firmada por usted con un requerimiento. No está mal después de un año y pico esperando por ello.

¿Qué sentido tiene que después de toda una vida sin hacerse esa urbanización, más de 75 años, venga ahora el Ayuntamiento a urbanizar ese ámbito y esto le obligue a los vecinos a vender sus casas por no poder asumir unos gastos de edificabilidad?

***A las trece horas y diecinueve minutos sale del Salón de Sesiones la señora Veira González.***

¿Qué sentido tiene cerrar un negocio que lleva más de 50 años establecido con nueve trabajadores porque las obras que se proyectan impiden las condiciones necesarias para trabajar, como es simplemente una zona de carga y descarga delante de sus vados en la avenida de la Sardiñeira?

Si hay algún estudio —y ya avanzo que aceptamos las... como ya le comuniqué ayer al Bloque Nacionalista Gallego—, si hay algún estudio que avale la propuesta de mantener el carril, les rogaría que nos lo hiciesen público, nos lo hiciesen llegar tanto al Bloque Nacionalista Gallego como, tal, y convoquen una reunión a la que podamos asistir todos y lo defiendan delante de los vecinos, no solo delante de

*grupo de veciños como están afeitos facer.*

un grupo de vecinos como están acostumbrados a hacer.

*Que sentido ten se se suprimen máis de 200 prazas de aparcamento en superficie que sexan 12 o obstáculo para cambiar de lado o carril bici da avenida da Sardiñeira e deixar a todos os veciños, incluído hostalería porque non poden conservar as súas terrazas, contentos e saír así dos seus garaxes sen problemas?*

